

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE DEFENSA

10303 Orde DEF/1756/2016, do 28 de outubro, pola que se aproban as normas de uniformidade das Forzas Armadas.

A uniformidade indumentaria é reflexo externo da pertenza a un colectivo que, no caso das Forzas Armadas, adquire unha singular importancia dado que todas as actividades dos seus membros se desenvolven vestindo o uniforme militar. A estreita relación entre a uniformidade e as condicións de vida e traballo dos militares profesionais é manifesta; de aí infírese que sexa unha materia intimamente relacionada co réxime de persoal. Neste sentido, o artigo 24 da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas, dispón que os militares teñen dereito ao uso do uniforme regulamentario e o deber de utilizalo durante o servizo, e que as normas xerais de uniformidade e as limitacións ou autorizacións no seu uso serán establecidas por orde do ministro de Defensa.

A proliferación de disposicións modificatorias da Orde ministerial 6/1989, do 20 de xaneiro, pola que se regulan a denominación, a composición e a utilización dos uniformes nas Forzas Armadas, obriga a un percorrido cronolóxico por todas elas para seguir a evolución da uniformidade. Con esta orde ministerial preséntase a oportunidade non só de acometer un desenvolvemento único e homoxéneo, senón tamén de incluír materias non reguladas ou corrixir as xa existentes.

A uniformidade nas Forzas Armadas constitúe un dos elementos que mellor reflicten o seu carácter institucional. Por iso, nun medio de actuación que cada día tende máis á colaboración entre os diferentes exércitos, tanto españois como estranxeiros, poderíase considerar contraria ao espírito conxunto a regulación de características xerais e comúns sobre uniformidade de forma individualizada por parte de cada un dos exércitos. O resultado é un texto que trata de unir criterios e normas respectando ao mesmo tempo as tradicións e particularidades propias de cada exército ou corpo.

Para iso, cómpre ampliar a denominación de uniformidade, limitada até agora unicamente ás roupas de vestiario, a un concepto que abrangue o conxunto formado pola roupa, os emblemas, as divisas, os distintivos e as recompensas. Con esta visión global afróntase unha revisión sobre todas as normas e aspectos relativos á uniformidade, simplificándoa e ordenándoa.

Por último, tratouse de realizar unha disposición eminentemente práctica, obviando na súa elaboración as descrições detalladas de deseño e técnicas, de maneira que o resultado final sexa fácil de consultar por todos os compoñentes das Forzas Armadas.

Tomando como punto de partida o título preliminar, o documento desenvolveuse en doce títulos, agrupados segundo materias afíns. Nalgúns casos foi necesario subdividilos en capítulos para lograr unha mellor comprensión. No título I enumérase a composición de pezas de roupa de cada un dos uniformes xunto cos criterios e limitacións para o seu uso.

Nos títulos II ao V descríbense a composición e as observacións particulares dos uniformes do Exército de Terra, da Armada, do Exército do Aire e dos corpos comúns das Forzas Armadas.

Nos títulos VI ao VIII regúlanse determinados aspectos da uniformidade do persoal militar feminino en estado de xestación, do servizo de asistencia relixiosa das Forzas Armadas e dos reservistas voluntarios. Estes tres colectivos necesitan dunhas normas específicas que detallen a composición e o uso da roupa de uniformidade que lles é propia.

Os títulos IX ao XI amplían e completan a lexislación existente en canto ao uso e á colocación dos emblemas, das divisas e dos distintivos, respectivamente, definindo, diferenciando e identificando os símbolos que os representan como tales.

Durante a súa tramitación, o proxecto desta orde ministerial someteuse ao informe das asociacións profesionais con representación no Consello de Persoal das Forzas Armadas, conforme o artigo 40.2.b) da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas, e deuse coñecemento del ao resto das asociacións profesionais inscritas no Rexistro de Asociacións Profesionais de Membros das Forzas Armadas, conforme o artigo 40.1.c) da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo. Finalmente, consonte o establecido no artigo 49.1.c) da citada lei orgánica, someteuse ao informe do Consello de Persoal das Forzas Armadas.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Aprobación das normas de uniformidade das Forzas Armadas.*

Apróbanse as normas de uniformidade das Forzas Armadas que se insiren a continuación.

Disposición adicional primeira. *Uniformidade do persoal en situación de reserva sen destino e do retirado.*

O persoal en situación de reserva sen destino e o persoal que pasase a retiro poderán vestir unicamente o uniforme representativo do seu propio exército ou corpo de conformidade coas normas aprobadas nesta orde ministerial.

Disposición adicional segunda. *Uniformidade do persoal retirado adscrito a unidades.*

O persoal retirado que, de conformidade co previsto na Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, fose adscrito a unha unidade das Forzas Armadas, poderá vestir o uniforme representativo do seu exército de pertenza ou o da unidade de adscrición, sempre que previamente estivese destinado, en servizo activo, nunha unidade similar dotada coa mesma uniformidade. Poderá asistir a actos e cerimoniais militares en que tal unidade participe e usar o uniforme en actos militares e sociais solemnes, de conformidade coas normas aprobadas nesta orde ministerial.

Disposición adicional terceira. *Uniformidade dos capeláns dos corpos eclesiásticos do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire.*

Os capeláns castreses dos corpos eclesiásticos do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, declarados a extinguir, rexeranse polas mesmas normas de uniformidade dos seus exércitos de orixe, cos emblemas propios do corpo eclesiástico.

Disposición transitoria primeira. *Pervivencia normativa.*

Mentres non se ditén as correspondentes disposicións que regulen todos os aspectos relativos á roupa, emblemas, divisas e distintivos que se describen nas normas aprobadas por esta orde ministerial, manteranse vixentes as correspondentes disposicións citadas na disposición derogatoria.

Disposición transitoria segunda. *Uso da roupa substituída.*

As disposicións que recollan modificacións de pezas de roupa de vestiario dos uniformes que en aplicación desta orde ministerial se determinen incluírán períodos de adaptación da nova roupa que se establezan.

Disposición transitoria terceira. *Uso de condecoracións.*

Consonte o que establece a disposición transitoria primeira, número 2, do Real decreto 1040/2003, do 1 de agosto, polo que se aproba o Regulamento xeral de recompensas militares, seguirán vixentes as autorizacións de uso de condecoracións que se concedesen con anterioridade á entrada en vigor desta orde ministerial.

Disposición transitoria cuarta. *Especialidades de orixe.*

Mentres se encontre en servizo activo ou reserva persoal que adquirise algunha das especialidades fundamentais das contidas no Regulamento de corpos, escalas e especialidades das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 207/2003, do 21 de febreiro, ou na Orde ministerial 15/2000, do 21 de xaneiro, pola que se determinan as especialidades dos militares profesionais de tropa e mariñeiría, manteranse vixentes os emblemas correspondentes ás seguintes previsións:

a) Os artigos 14.2, 15.2, 16.2, 21.2, 22.2, 25.2, 26.2, 44.2, 45.2, 49.2, 50.2, 52.3, 55.2, 56.2, 59.2, 60.2, 67.2 e 72.2 do Regulamento de corpos, escalas e especialidades das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 207/2003, do 21 de febreiro.

b) O anexo I da Orde ministerial 15/2000, do 21 de xaneiro, pola que se determinan as especialidades dos militares profesionais de tropa e mariñeiría.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

1. Quedan derogadas as seguintes disposicións:

- Orde do 4 de abril de 1939 pola que se crea o distintivo de ferido en campaña.
- Regras 4 e 38 do Regulamento de uniformidade, DO n.º 24, do 30 de xaneiro de 1943, do Ministerio do Exército.
- Orde do 22 de marzo de 1956 pola que se aproba a cartilla de uniformidade das forzas paracaidistas do Exército de Terra, DO n.º 70 de 1956, do Ministerio do Exército.
- Orde do 24 de maio de 1960 (DO n.º 131) polo que se crea o distintivo do título de aptitude para o mando de unidades de guerrilleiros.
- Regra 1, 43, 17. do 7 de xullo de 1962 (DO n.º 164) pola que se crea o distintivo do título de guerrilleiros.
- Regra 1, 48, 01. do 10 de xullo de 1962 (DO n.º 164 do Ministerio do Exército) pola que se crea o distintivo de guerrilleiros para tropa.
- Orde do 16 de febreiro de 1967 onde se regulan os zapatos para mandos, DO n.º 53, do 4 de marzo de 1967.
- Orde ministerial do 22 do abril de 1968 de creación do distintivo de estados maiores conxuntos.
- Orde do 24 de abril pola que se crea o uniforme básico para actos sociais do Exército de Terra, DO n.º 95, do 27 de abril de 1973, do Ministerio do Exército.
- Orde do 17 de xullo de 1974, do Ministerio do Exército, pola que se declara regulamentario o distintivo para alumnos de cursos no estranxeiro.
- Orde do 12 de xuño de 1978 onde se regulan os zapatos para tropa, DO n.º 138, do 19 de xuño de 1978.
- Orde 9.040, do 1 de agosto, pola que se regula a camisa branca do Exército de Terra, DO n.º 176, do 4 de agosto de 1978.
- Orde 12.920, do 24 de outubro de 1978, pola que se regulan as luvas brancas, DO n.º 247, do 28 de outubro de 1978.
- Disposición M.5829, do 17 de abril de 1980 (DO n.º 95, do 25 de abril de 1980) pola que se crea o distintivo do EME.
- Orde 371/15138/80, do 18 de novembro, pola que se declara regulamentario o uniforme de traballo para tropa (funda), DO n.º 272, do 26 de novembro de 1980.
- Orde 371/17655/1983, do 30 de novembro, pola que se aproba a cinta de identificación no exército.
- Orde 371/261/83, do 16 de decembro (DO n.º 5), pola que se ditan as normas sobre distintivos.
- Orde 371/4103/84, do 16 de marzo, pola que se rectifica a Orde 371/17655/1983, do 30 de novembro, pola que se aproba a cinta de identificación no exército.
- Orde do 5 de xuño de 1985, pola que se modifica a Orde 371/17655/1983, do 30 de novembro, pola que se aproba a cinta de identificación no exército.

- Orde ministerial 38/1986, do 28 de abril, pola que se modifican os uniformes do Exército de Terra.
- Acordo do Consello de Ministros do 12 de setembro de 1986 polo que se crea o distintivo de ex-combatente das Forzas Armadas, publicado pola Orde 78/1986, do 13 de setembro.
- Orde ministerial 6/1989, do 20 de xaneiro, pola que se regulan a denominación, a composición e a utilización dos uniformes nas Forzas Armadas.
- Orde ministerial 21/1989, do 21 de marzo, pola que se adapta o deseño dos uniformes de diario e de gala do Exército do Aire ao establecido na Orde ministerial 6/1989, do 20 de xaneiro.
- Orde ministerial 56/1989, do 4 de xullo, pola que se regula a utilización do uniforme de diario en presentacións, despedidas e comisións e actos militares de especial relevancia ou significado.
- Orde ministerial 54/1990, do 31 de xullo, pola que se regulan a denominación, composición e utilización dos uniformes correspondentes ao corpo militar de sanidade.
- Orde ministerial 45/1991, do 31 de maio, pola que se establecen as divisas dos suboficiais superiores.
- Orde ministerial 69/1991, do 1 de outubro, pola que se regula a denominación, a composición e a utilización dos uniformes correspondentes ao corpo de músicas militares.
- Orde ministerial 52/1993, do 11 de maio, pola que se modifica parcialmente a Orde ministerial 6/1989, do 20 de xaneiro, pola que se regulan a denominación, a composición e a utilización dos uniformes nas Forzas Armadas.
- Orde ministerial 96/1993, do 30 de setembro, pola que se modifican parcialmente as ordes ministeriais 511/01450/81 e 511/01526/84, en relación co uniforme de campaña e o distintivo de nacionalidade, na uniformidade do Exército do Aire.
- Orde ministerial 66/1994, do 28 de xuño, pola que se establecen os emblemas e as divisas da escala media do corpo de especialistas da Armada.
- Orde ministerial 20/1995, do 1 de febreiro, que regula o uso do rectángulo de identificación persoal e do emblema de tea.
- Orde ministerial 39/1995, do 16 de marzo, pola que se establece o xersei de la como roupa de abrigo de dotación persoal para o persoal militar profesional do Exército do Aire.
- Orde ministerial 48/1995, do 6 de abril, pola que se modifican os manguitos portadivisas no Exército do Aire.
- Orde ministerial 72/1995, do 16 de maio, pola que se regulan a orde xerárquica, as divisas e os distintivos da tropa e da mariñeiría.
- Orde ministerial 168/1995, do 19 de decembro, pola que se regula a uniformidade dos alumnos do ensino militar de formación.
- Orde ministerial 10/1996, do 17 de xaneiro, pola que se modifica a Orde ministerial 45/1991, do 31 de maio, pola que se establecen as divisas dos suboficiais maiores.
- Orde ministerial 96/1996, do 7 de xuño, pola que se regula a presilla portadivisas dos suboficiais superiores e suboficiais do Exército do Aire nos uniformes de etiqueta e grande etiqueta.
- Orde ministerial 197/1996, do 25 de novembro, que suprime o uso da faixa vermella cos uniformes de grande etiqueta para os oficiais xenerais do Exército do Aire.
- Orde ministerial 214/1997, do 7 de novembro, pola que se modifican os manguitos portadivisas no Exército do Aire.
- Orde ministerial 232/1997, do 27 de novembro, pola que se unifica o uso da camisa branca de peiteira con colo voltado e a gravata negra de lazo para os uniformes de etiqueta e grande etiqueta no Exército do Aire.
- Orde ministerial 11/1999, do 15 de xaneiro, pola que se establece o uso da faixeta no uniforme de etiqueta para os oficiais xenerais da Armada.
- Orde ministerial 136/1999, do 20 de maio, pola que se determinan as divisas correspondentes aos empregos de capitán xeneral, xeneral de exército, almirante xeneral, xeneral do aire e cabo maior e ao grao de soldado ou mariñeiro de primeira.

– Orde ministerial 56/2000, do 2 de marzo, que modifica o uso e a composición da uniformidade de grande etiqueta no Exército do Aire e, pola súa vez, derroga a Orde ministerial 232/1997, do 27 de novembro.

– Orde ministerial 57/2000, do 2 de marzo, pola que se establece o uso de faixeta e se suprime o chaleco coa uniformidade de etiqueta no Exército do Aire.

– Orde ministerial 102/2000, do 6 de abril, pola que se modifica a cor dos manguitos portadivisas no Exército do Aire.

– Orde ministerial 313/2000, do 28 de setembro, pola que se establecen as normas de uniformidade dos militares profesionais con carácter permanente de mariñeira e tropa de Infantaría de Mariña, nos empregos de cabo maior e cabo primeiro.

– Orde ministerial 343/2000, do 16 de novembro, pola que se establece un novo modelo de cazadora para a uniformidade de traballo no Exército do Aire.

– Orde ministerial 344/2000, do 17 de novembro, pola que se modifica parcialmente a Orde ministerial 6/1989, do 20 de xaneiro, pola que se regulan a denominación, a composición e a utilización dos uniformes nas Forzas Armadas.

– Orde ministerial 383/2000, do 26 de decembro, pola que se modifica a Orde ministerial 6/1989, do 20 de xaneiro, pola que se regulan a denominación, a composición e a utilización dos uniformes nas Forzas Armadas.

– Orde ministerial 243/2001, do 20 de novembro, pola que se modifica a Orde ministerial 6/1989, do 20 de xaneiro, pola que se regulan a denominación, a composición e a utilización dos uniformes nas Forzas Armadas.

– Orde ministerial 70/2003, do 23 de maio, pola que se regulan a denominación, a composición e a utilización dos uniformes dos militares profesionais de tropa e mariñeira da Armada, e se modifica a Orde ministerial 72/1995, do 16 de maio, pola que se regulan a orde xerárquica, as divisas e os distintivos da tropa e da mariñeira.

– Orde ministerial 88/2003, do 25 de xuño, pola que se establecen as normas xerais da uniformidade do persoal militar profesional en estado de xestión.

– Orde ministerial 62/2004, do 12 de marzo, pola que se modifica a Orde ministerial 259/1999, do 12 de novembro, sobre uniformidade dos capeláns do servizo de asistencia relixiosa das Forzas Armadas.

– Orde ministerial 103/2004, do 16 de maio, sobre a roupa de uniformidade das militares profesionais do Exército do Aire en estado de xestión.

– Orde ministerial 104/2004, do 16 de maio, sobre a roupa de uniformidade das militares profesionais dos corpos comúns das Forzas Armadas en estado de xestión.

– Orde ministerial 105/2004, do 16 de maio, sobre a roupa de uniformidade das militares profesionais da Armada en estado de xestión.

– Orde ministerial 106/2004, do 16 de maio, sobre a roupa de uniformidade das militares profesionais do Exército de Terra en estado de xestión.

– Orde ministerial 160/2005, do 10 de outubro, pola que se aproba o distintivo de reservista voluntario.

– Orde ministerial 37/2006, do 13 de marzo, pola que se modifica a Orde ministerial 6/1989, do 20 de xaneiro, pola que se regulan a denominación, a composición e a utilización dos uniformes nas Forzas Armadas.

– Orde ministerial 151/2006, do 21 de decembro, pola que se modifica a Orde ministerial 6/1989, do 20 de xaneiro, pola que se regulan a denominación, a composición e a utilización dos uniformes nas Forzas Armadas.

– Os artigos 20, 21 e 22 da Orde ministerial 84/2011, do 18 de novembro, pola que se desenvolve parcialmente, en materia de réxime de persoal, o capítulo II do Real decreto 1145/1990, do 7 de setembro.

2. Así mesmo, quedan derrogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta orde ministerial.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de aplicación.*

1. Autorízase o subsecretario de Defensa para ditar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación desta orde ministerial.

2. O xefe de Estado Maior da Defensa e os xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, no ámbito das súas respectivas competencias, ditarán as instrucións que consideren necesarias para a aplicación desta orde ministerial.

3. O subsecretario de Defensa, por propia iniciativa ou por proposta do xefe de Estado Maior da Defensa, determinará todos aqueles aspectos de uniformidade previstos nesta orde ministerial que acrediten iguais circunstancias, calidades ou vicisitudes e sexan comúns para todos os exércitos e os corpos comúns, nos uniformes de grande etiqueta, etiqueta, gala, diario e traballo.

4. Autorízase o subsecretario de Defensa para difundir, a través dos medios informáticos do Ministerio de Defensa e con axuda das ferramentas visuais necesarias, as normas desenvolvidas nesta orde ministerial.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

A presente orde ministerial entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 28 de outubro de 2016.—O ministro de Defensa, Pedro Morenés Eulate.

NORMAS DE UNIFORMIDADE DAS FORZAS ARMADAS

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

Norma 1.^a *Finalidade.*

Establecer as normas regulamentarias de uniformidade do persoal militar das Forzas Armadas, a composición e o uso dos uniformes, emblemas, divisas e distintivos de forma que se vista o uniforme con propiedade e corrección.

Norma 2.^a *Ámbito de aplicación.*

As presentes normas serán de aplicación ao persoal militar das Forzas Armadas españolas.

Norma 3.^a *Definicións.*

Defínese como uniformidade o conxunto de roupa de vestiario, emblemas, divisas, distintivos e recompensas que os militares levan sobre o uniforme e que son representativas da institución militar en que serven.

Defínese o uniforme como o conxunto de roupa de vestiario, debidamente regulamentada, para un determinado uso por parte do persoal militar.

Defínese a adaptación como as singularidades do uso de determinados uniformes en certas unidades, centros e organismos, que teñen a súa xustificación na tradición e na orgánica.

Existen os seguintes tipos de uniformes:

- a) Grande etiqueta.
- b) Etiqueta.
- c) Gala.
- d) Actos de especial relevancia
- e) Diario.
- f) Traballo.

- g) Campaña.
- h) Especiais.
- i) Educación física.

Denomínase modalidade dun uniforme a acomodación da súa composición ao factor climatolóxico ou a outras circunstancias que xustifiquen a súa definición. Existen as seguintes modalidades:

- a) Modalidade «A» é aquela composta por roupa de vestiario propia para tempo frío.
- b) Modalidade «B» é aquela composta por roupa de vestiario propia de tempo temperado.
- c) Modalidade «C» é aquela composta por roupa de vestiario propia para tempo cálido.

A denominación destas modalidades poderá completarse coa referencia a algunha peza de roupa, a cal determinará con exactitude o uniforme referido. A utilización das diferentes modalidades dos uniformes deberase supeditar á observación da necesaria homoxeneidade en ámbitos xeográficos diferenciados, así como con ocasión de acontecementos de importancia. O xefe do Estado Maior da Defensa efectuará a coordinación xeral neste sentido e ditará as instrucións precisas para tal fin.

Uso opcional (O) é a posibilidade, segundo criterio individual, do uso optativo dunha determinada modalidade, peza de roupa ou efecto, sen eximir da obrigatoriedade da súa posesión. Para un determinado acto do servizo esta facultade poderá ser exercida pola autoridade que o organice, convoque ou presida.

Non exible (NE), é aquela peza de roupa da cal non se pode ordenar o seu uso ou posesión.

Considérase que un acto ou celebración reviste carácter castrense cando sexa organizado ou convocado por autoridades civís ou militares do Ministerio de Defensa ou das Forzas Armadas para levar a cabo actividades relacionadas co seu ámbito de responsabilidade. Tamén terán carácter castrense os actos ou cerimonias organizados por autoridades alleas ao Ministerio de Defensa que impliquen a participación institucional de persoal militar das Forzas Armadas.

Terán carácter social os actos familiares e os organizados por autoridades civís ou militares, distintas das mencionadas no parágrafo anterior, en que a participación dos militares sexa a título individual en eventos non relacionados coa actividade profesional.

Cando unha norma desta orde sexa aplicable, con carácter xeral e sen distinción ningunha, ao Exército de Terra, á Armada, ao Exército do Aire e aos corpos comúns das Forzas Armadas, farase referencia a estes como os exércitos.

Norma 4.^a *Uso da uniformidade.*

Os militares en servizo activo e en reserva con destino teñen dereito ao uso do uniforme regulamentario e o deber de utilizalo durante o servizo no desempeño das súas actividades diarias do seu posto de traballo, así como en exercicios e manobras.

A composición e utilización dos uniformes de grande etiqueta, etiqueta, gala, actos de especial relevancia, diario e traballo do persoal militar das Forzas Armadas serán as que se especifican nesta orde.

Norma 5.^a *Utilización doutros uniformes.*

O ministro de Defensa, por razóns históricas e por proposta dos xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada, do Exército do Aire e do subsecretario de Defensa, poderá autorizar o uso de uniformes distintos dos que se establecen nesta orde.

Norma 6.^a *Prescricións técnicas.*

Os xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire e o subsecretario de Defensa, no ámbito das súas competencias, darán as instrucións oportunas, para que o mando ou xefatura que corresponda redacte as prescricións técnicas da nova roupa.

As normas ou instrucións dos exércitos serán os documentos de referencia para definir as características físicas e as dimensións de todas as pezas de roupa, emblemas, divisas e distintivos que se describen nesta orde.

TÍTULO I

Normas xerais de uniformidade nas Forzas Armadas

Norma 7.^a *Criterios xerais no uso da uniformidade.*

1. O militar debe vestir o uniforme con propiedade e corrección, coa roupa e os emblemas, divisas, distintivos e recompensas regulamentarios que cada ocasión requira e para os cales estea autorizado.

2. O militar só poderá levar roupa de uniformidade cuxas características físicas e de deseño fosen aprobadas pola normativa vixente.

3. O militar deberá levar todas as pezas de roupa correctamente abotoadas ou abrochadas.

4. Os militares das Forzas Armadas españolas levarán no estranxeiro o tipo e a modalidade do uniforme que se corresponda co dos militares das Forzas Armadas do país de destino e seralles de aplicación o resto das normas de uniformidade desta orde.

5. Os militares encadrados en organizacións internacionais axustarán a súa uniformidade ás normas particulares que estas teñan establecidas no relativo ao tipo e á modalidade do uniforme que se empregará.

6. Os militares que pasasen a retiro poderán usar o uniforme nos actos militares e actos sociais solemnes.

7. O persoal que se encontre nas situacións administrativas en que teñan suspendida a súa condición militar só poderá vestir o uniforme en actos militares e sociais solemnes ou cando sexa autorizado expresamente para iso nas súas relacións coas Forzas Armadas e sempre que non estea exercendo cargos electos de representación política.

8. Para o desenvolvemento de determinadas actividades propias do servizo ou do posto desempeñado poderanse usar co uniforme determinadas pezas de roupa non relacionadas coas descritas nestas normas de uniformidade: brazaletes de servizo, correaxe, galas, bandoleira, gola, cordón de chifre de contramestre ou calquera outra que estea aprobada na súa normativa específica.

9. Cando o persoal feminino poida optar entre vestir con pantalón ou saia, o uso do pantalón suporá vestir con zapatos de amallós e calcetíns, e o uso da saia suporá vestir con zapatos de taco e medias, coas particularidades propias de cada uniformidade.

Norma 8.^a *Criterios particulares no uso do uniforme.*

a) Uniforme de grande etiqueta.

O uniforme de grande etiqueta usarase nos actos oficiais en que así se indique expresamente e naquelas cerimoniais en que ao persoal civil se lle exixa vestir de máxima etiqueta. Este uniforme ten a súa correspondencia co traxe nacional, o frac e o chaqué.

Observacións:

- As luvas só se usarán cando se utilice a indumentaria de cabeza.
- Para os militares de tropa e mariñeiría da Armada será o mesmo que o uniforme de gala.

b) Uniforme de etiqueta.

O uniforme de etiqueta usarase en actos oficiais en que así se indique, e nos actos sociais en que ao persoal civil se lle exixa vestir de etiqueta. Este uniforme ten a súa correspondencia co smóking.

Observacións:

- As luvas só se usarán cando se utilice a indumentaria de cabeza.
- Na Armada só o poderán usar oficiais e suboficiais e, con carácter non exixible (NE), cabos maiores e cabos primeiros de carácter permanente. Para cabos e mariñeiros será o mesmo que o de gala, que tamén poderá ser usado por cabos maiores e cabos primeiros de carácter permanente.

c) Uniforme de gala.

O uniforme de gala poderase usar nos actos sociais en que se exixa asistir co uniforme de grande etiqueta ou de etiqueta, en substitución destes. Tamén se usará nos seguintes actos oficiais:

- Actos a que asista S. M. o rei, se non se ordena outra uniformidade.
- Recepcións ou despedidas en territorio nacional de S. M. o rei, xefes de Estado e herdeiros ao trono (sempre que se cubra carreira).
- Enterros e funerais de xefes de Estado.
- Cerimonias de xura de bandeira.
- Entrega da Insignia Nacional a unha unidade ou centro.
- Entregas de reais despachos aos alumnos das academias militares.
- Reunión do capítulo da Orde de Santo Hermenexildo.
- Celebracións de santos patróns.
- Celebracións de aniversarios.
- Día da Festa Nacional, Día das Forzas Armadas e Pascua Militar.
- Contraentes, padriños e testemuñas en cerimonias matrimoniais, cando se opte polo uniforme militar e non se use o uniforme de grande etiqueta ou etiqueta. Os asistentes utilizarán o tipo de uniforme inferior ao dos contraentes, padriños e testemuñas.

Observacións:

- En formacións con armamento o persoal feminino usará pantalón. En formacións sen armamento o xefe de unidade poderá autorizar o uso optativo da saia.

d) Uniforme para actos de especial relevancia.

O uniforme para actos de especial relevancia usarase nos actos sociais en que ao persoal civil se lle exixa vestir de traxe escuro e nos seguintes actos:

- Audiencias militares ante S. M. o rei.
- Actos con motivo da benvida ou despedida doutros xefes de Estado.
- Día nacional doutro país.
- Presentacións e despedidas da unidade de destino ou comisión de servizo.
- Presentacións por ascenso ao emprego superior.
- Imposición de condecoracións e entrega de faixas (só persoal afectado).
- Izados e arriados de bandeira que se determine.
- Aperturas e clausuras de cursos académicos.

Observacións:

- En formacións con armamento o persoal feminino usará pantalón. En formacións sen armamento o xefe de unidade poderá autorizar o uso optativo da saia.

e) Uniforme de diario.

O uniforme de diario é, por antonomasia, o uniforme representativo dos exércitos, da Armada e dos corpos comúns das Forzas Armadas. Usarase naqueles actos militares en que non se indique expresamente un uniforme distinto ou nos actos sociais civís en que proceda unha vestimenta formal.

Observacións:

- Usarase na celebración do Día das Forzas Armadas doutro país.
- En formacións con armamento o persoal feminino usará pantalón. En formacións sen armamento o xefe de unidade poderá autorizar o uso optativo da saia.
- A modalidade «C» do uniforme de diario poderase substituír polas modalidades «A» ou «B» naqueles actos sociais ou protocolarios alleos ás Forzas Armadas que exixan vestimenta formal.

f) Uniforme de traballo.

O uniforme de traballo utilizarase para o desenvolvemento das actividades cotiás en unidades, centros e organismos, salvo que se ordene o uso doutros uniformes.

Observacións:

- No interior das bases, acuartelamentos e establecementos, o uso das súas distintas modalidades será optativo.
- Nos uniformes femininos o uso do pantalón ou a saia será optativo. O uso da saia leva asociado o uso de zapatos de taco e, con carácter optativo, medias.
- As ombreiras, as pas portadivisas e os manguitos dos uniformes de traballo serán visibles na peza de roupa exterior.

g) Uniforme de campaña.

O uniforme de campaña é aquel que se emprega en actividades operativas, de adestramento ou de instrución.

No deseño, composición e utilización do uniforme de campaña primarán criterios de normalización e racionalización. Para tal efecto, establecerase a correspondente instrución do xefe de Estado Maior da Defensa.

O xefe de Estado Maior da Defensa e os xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, no ámbito das súas respectivas competencias, definirán a utilización do uniforme de campaña, así como dos emblemas, divisas e distintivos que correspondan.

Observacións:

- Só poderá portar condecoracións sobre o uniforme de campaña o persoal militar recompensado durante o acto de imposición.

h) Uniformes especiais.

Os uniformes especiais son os que non están encadrados nas alíneas anteriores. Están orientados a determinadas actividades operativas e funcionais que requiren o uso dun uniforme específico. Tamén están incluídos os uniformes tradicionais para uso en formacións e os uniformes históricos.

O xefe de Estado Maior da Defensa, os xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, e o xefe do Cuarto Militar da Casa da Súa Maxestade o Rei, no ámbito das súas respectivas competencias, definirán a composición e utilización dos uniformes especiais, así como o porte de emblemas, divisas e distintivos que correspondan.

Observacións:

- Non se poderán portar condecoracións sobre os uniformes especiais, coa excepción dos uniformes históricos e dos uniformes tradicionais.

i) Equipamento deportivo.

O uso do equipamento deportivo estará orientado á práctica deportiva. Ademais, o xefe de unidade poderá establecer o uso desta uniformidade para o desenvolvemento de actividades de instrución e adestramento, en substitución doutros uniformes, cando as circunstancias o aconsellen.

Norma 9.^a *Uso do uniforme militar fóra das instalacións militares.*

Os militares poderán vestir os uniformes de grande etiqueta, etiqueta, gala, especial relevancia e diario para asistir a actos de carácter oficial ou social que teñan lugar fóra das instalacións militares.

Os militares tamén poderán vestir os uniformes de diario, traballo e campaña nos desprazamentos entre o domicilio e o lugar de destino para realizar outras actividades puntuais ou ocasionais, alleas ao servizo, sempre que o seu uso non entre en colisión con calquera outra norma sobre limitacións no uso dos uniformes previstas nesta orde.

Norma 10.^a *Limitacións no uso dos uniformes.*

1. O militar non poderá combinar ou intercambiar pezas de roupa de vestiario entre uniformes de distintos tipos ou modalidades. Tampouco se permiten variacións ou adecuacións dos uniformes en determinadas circunstancias mediante a adición ou supresión de roupa, accesorios ou recompensas non aprobadas pola correspondente normativa.

2. Ao vestir de paisano, non poderá utilizar roupas ou emblemas, divisas ou distintivos que se identifiquen como constitutivas de calquera uniforme das Forzas Armadas. As recompensas militares poderanse portar de acordo coas normas de protocolo que rexan para o persoal civil.

3. Os militares non poderán vestir de uniforme nas seguintes situacións alleas ao servizo:

- En actos públicos ou lugares que poidan prexudicar os intereses ou a imaxe das Forzas Armadas, ou que poidan comprometer a dignidade do propio uniforme.
- En actos publicitarios, sen autorización previa.
- En entrevistas aos medios de comunicación social, sen autorización previa.
- En actos que teñan por finalidade solicitar axudas ou fondos para calquera causa, sen autorización previa.
- En comparecencias ante a xurisdición ordinaria ou a autoridade civil en calidade de presunto responsable penal, inculpado ou procesado.

Norma 11.^a *Uso de condecoracións sobre o uniforme.*

1. Será obrigatorio o uso sobre o uniforme das condecoracións que fosen concedidas e publicadas no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa», coas limitacións establecidas na normativa que regule o seu uso.

2. Os xefes de Estado Maior dos exércitos para o persoal dos seus corpos específicos e o subsecretario de Defensa para o persoal dos corpos comúns das Forzas Armadas, ou o mando ou organismo en quen estes deleguen, poderán autorizar o uso sobre o uniforme das condecoracións civís de carácter institucional outorgadas por autoridades ou organismos do Estado, das comunidades autónomas ou das corporacións locais.

3. Os xefes de Estado Maior dos exércitos para o persoal dos seus corpos específicos e o subsecretario de Defensa para o persoal dos corpos comúns das Forzas Armadas, ou o mando ou organismo en quen estes deleguen, logo de asentimento por parte do Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación de España, poderán autorizar o uso sobre o uniforme de condecoracións civís e militares de carácter institucional outorgadas por países estranxeiros.

4. As condecoracións civís e militares que fosen creadas por organizacións internacionais, cuxa concesión e uso sexa recoñecido polo ordenamento xurídico español, rexeranse pola súa normativa específica.

5. Os militares que fosen distinguidos por algunha orde ou condecoración civil exhibirán as súas insignias segundo o modelo regulamentario que corresponda ao grao ou categoría que tivesen concedido. Non se autoriza o uso sobre o uniforme de condecoracións civís de carácter privado.

6. As cruces representativas das catro ordes españolas de Santiago, Calatrava, Alcántara e Montesa poderanse usar nos uniformes de diario, especial relevancia, gala, etiqueta e grande etiqueta.

Norma 12.^a *Indumentaria de cabeza.*

A indumentaria de cabeza irá perfectamente encaixada, coa súa parte inferior ou sueiro colocado nun plano horizontal. Como norma xeral, permanecerase cuberto no exterior e descuberto en interiores.

Con cada modalidade de uniforme usarase a indumentaria de cabeza que corresponda, segundo o regulado nesta orde ministerial.

Cos uniformes de grande etiqueta e etiqueta anteriormente descritos, poderase utilizar a gorra de prato (NE) ou o gorro feminino (NE), segundo corresponda.

Norma 13.^a *Bastón de mando.*

O bastón de mando é atributo dos oficiais xenerais e oficiais que exercen a acción de mando.

Poderá ser utilizado en territorio nacional nos actos que tales autoridades presidan e nas visitas de inspección a unidades e centros subordinados. As autoridades con dereito a uso do bastón de mando serán as seguintes:

- Oficiais xenerais con mando, excepto na Armada, que ademais deberán pertencer ao corpo xeral ou ao corpo de Infantaría de Mariña.
- Coroneis xefes de rexemento, base aérea, agrupación ou centro de entidade equivalente e unidades de Infantaría de Mariña.
- Coroneis xefes de Estado Maior das grandes unidades, excepto na Armada.
- Directores de academias e escolas militares, excepto na Armada.
- Coroneis directores de academia, excepto na Armada.
- Comandantes de buques e unidades navais colectivas, incluídas as flotillas de submarinos e aeronaves, co emprego de capitán de corveta ou superior.
- Comandantes de batallóns independentes de Infantaría de Mariña, co emprego de comandante ou superior.
- Xefes de escuadrilla.

Norma 14.^a *Sabre.*

O sabre utilizarano, con carácter xeral, os oficiais xenerais, oficiais e suboficiais nos seguintes casos:

- Os xefes de sección e unidades superiores nas formacións e desfiles con armas.
- Os oficiais abandeirados e portaestandartes e xefes da escolta da bandeira, nas formacións e desfiles con armas.
- Os alumnos dos centros docentes de formación de oficiais e suboficiais, nas formacións e desfiles en que así determine a autoridade que os organice.
- Nas cerimoniais de xuramento ante a bandeira e actos de remuda de mando, na forma que se determine.

Norma 15.^a *Rectángulo de identificación.*

O rectángulo de identificación será de material plástico e sobre fondo negro ou azul escuro, co bordo biselado en branco, e levará en letras maiúsculas de cor branca a inscrición do nome polo cal se identifica a persoa que o porta. O rectángulo terá unhas dimensións de 16 por 81 milímetros, co bordo biselado en branco de 1 milímetro.

Situarase na zona «B» do uniforme. Será preceptivo en todas as modalidades dos uniformes de especial relevancia, diario e traballo, excepto naquelas comisións e actos militares e sociais en que a autoridade competente estipule o contrario.

Norma 16.^a *Adaptacións dos uniformes da Casa da Súa Maxestade o Rei.*

Determinada roupa ou efectos das modalidades dos uniformes de grande etiqueta, etiqueta, gala, especial relevancia, diario e traballo poderán adaptarse en cor ou deseño para obter uniformes específicos da Casa da Súa Maxestade o Rei. Estas adaptacións respectarán as normas establecidas nesta orde e serán reguladas polo xefe do Cuarto Militar da Casa da Súa Maxestade o Rei mediante as instrucións correspondentes.

Norma 17.^a *Adaptación dos uniformes da Unidade Militar de Emerxencias.*

Determinadas roupas ou efectos das modalidades dos uniformes de gala, especial relevancia, diario e traballo poderán adaptarse en cor ou deseño para obter uniformes específicos da Unidade Militar de Emerxencias. Estas adaptacións respectarán as normas establecidas nesta orde e serán reguladas polo xefe de Estado Maior da Defensa mediante as instrucións correspondentes.

Norma 18.^a *Placa de identificación persoal.*

A placa de identificación persoal (PIP) é un elemento auxiliar para facilitar os labores de identificación de persoal ferido ou falecido, así como o control de baixas, á vez que proporciona os datos necesarios para recibir o auxilio sanitario urxente e, de ser o caso, a asistencia relixiosa acorde coa súa confesión. A PIP non terá carácter de documento de identidade do seu portador.

A PIP levarase colgada arredor do pescozo, por medio da cadea con que se subministra, por debaixo da camisa, salvo que por razóns de seguridade se estea obrigado a levala noutro lugar.

O xefe de Estado Maior da Defensa (Xemad) regulará mediante instrución as características, a información que debe ser gravada e o uso en operacións da placa de identificación persoal. Os xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire determinarán os criterios de uso en exercicios e actividades de instrución no ámbito das súas respectivas competencias.

Norma 19.^a *Competencias na determinación da modalidade de uniforme que se debe utilizar.*

O subsecretario de Defensa establecerá os criterios para determinar a data de cambio de modalidade na uniformidade do persoal militar destinado en territorio nacional, por motivos estacionais, tendo en conta a localización xeográfica das unidades que contén cunhas peculiaridades climatolóxicas propias, claramente diferenciadas, en que se poderá implantar nunha data distinta.

As autoridades que exerzan a representación institucional nunha determinada demarcación territorial das Forzas Armadas proporánlles aos representantes institucionais dos exércitos que contén con unidades, centros e organismos alí situados a data para o cambio de modalidade de uniformidade.

Naqueles actos ou comisións en que concorran conxuntamente militares dun mesmo ou distinto exército ou destino, asegurárase a unidade de criterio na uniformidade. Para iso, a autoridade competente, encargada da organización dos actos ou actividades

militares ou protocolarias, determinará o tipo, a modalidade e, de ser o caso, a roupa para todo o persoal asistente, de acordo cos criterios establecidos nesta orde.

Os xefes das unidades, centros ou organismos, atendendo a criterios de funcionalidade, determinarán os diferentes tipos de uniformes que se usarán nas actividades da súa competencia que se desenvolvan no interior destas.

Serán regulados polo xefe de Estado Maior do Exército do Aire nas instrucións e normas correspondentes. Baixo esta denominación agrúpanse os seguintes tipos de uniformes:

- Voo:
- Verde (verde salvia).
- Árida (beixe claro).
- Exhibición (azul mariño).
- Traslado de personalidades e autoridades.

- Bombeiros.
- Sanidade.
- Marítima.
- Hostalaría.

- Servizo.
- Cociña.

- Mantemento:
- Aeronáutico (gris).
- Xeral (azul).
- Infraestrutura (branco).
- Ambiental (verde).
- Emerxencias (vermello).

Norma 44.^a *Equipamento deportivo.*

- Gorra de viseira (en competicións internacionais).
- Chándal.
- Camiseta técnica de manga curta ou camiseta técnica de tirantes.
- Suadoiro (O).
- Rectángulo de identificación portadivisas.
- Distintivo de nacionalidade (en competicións internacionais).
- Pantalón técnico curto.
- Mallas (O).
- Calcetíns de deporte.
- Zapatillas de deporte.
- Traxe de baño.

UNIFORME DE GRANDE ETIQUETA**Modalidade A****Modalidade B**


UNIFORME DE ETIQUETA

UNIFORME DE GALA


UNIFORME DE ESPECIAL RELEVANCIA

UNIFORME DE DIARIO Modalidade A

UNIFORME DE DIARIO Modalidade C

UNIFORME DE TRABAJO Modalidade A

UNIFORME DE TRABAJO Modalidade B

UNIFORME DE TRABAJO Modalidade C

TÍTULO V

Composición dos uniformes dos corpos comúns das Forzas Armadas

Norma 45.^a *Uniforme de grande etiqueta.*

Modalidade única:

- Indumentaria de cabeza (NE).
- (M) Gorra de prato azul.
- (F) Gorro feminino azul (F, NE).

- Guerreira azul, con colo e puños brancos:
 - Ombreiras douradas (CM).
 - Divisas e emblemas.
 - Condecoracións en miniatura, excepto as cruces, bandas e medallas da Real e Militar Orde de San Fernando, as grandes cruces, placas, vieiras e as insignias individuais das condecoracións colectivas, que se portarán sempre e en tamaño normal.

- Faixa ou cingudeira:
 - Faixa para oficiais xenerais.
 - Cingudeira de gala dourada (CM).

- Pantalón ou saia:
 - (M) Pantalón azul.
 - (F) Saia longa azul.

- Zapatos:
 - (M) Zapatos acharoados negros de amallós.
 - (F) Zapatos acharoados negros de taco.

- Calcetíns ou medias:
 - (M) Calcetíns negros.
 - (F) Medias negras.

- Capa negra (NE).
- Luvras brancas (NE. Só se usarán cando se utilice a indumentaria de cabeza).
- (F) Bolso acharoadado negro (O).

Norma 46.^a *Uniforme de etiqueta.*

Modalidade única.

- Indumentaria de cabeza (NE):
 - (M) Gorra de prato azul.
 - (F) Gorro feminino azul (F, NE).

- Guerreira azul, con colo e puños brancos:
 - Ombreiras douradas (CM).
 - Divisas e emblemas.
 - Condecoracións en miniatura, excepto as cruces, bandas e medallas da Real e Militar Orde de San Fernando e as insignias individuais das condecoracións colectivas, que se portarán sempre e en tamaño normal.

- Pantalón ou saia:
 - (M) Pantalón azul.
 - (F) Saia azul.
- Zapatos:
 - (M) Zapatos negros acharoados de amallós.
 - (F) Zapatos negros acharoados de taco.
- Calcetíns ou medias:
 - (M) Calcetíns negros.
 - (F) Medias negras.
- Capa negra (NE).
- Luvras brancas (NE / Só con indumentaria de cabeza).
- (F) Bolso acharoadado negro (O).

Norma 47.^a *Uniforme de gala.*

1. Modalidade «A».
 - Indumentaria de cabeza:
 - (M) Gorra de prato verde musgo (CM).
 - (F) Gorro feminino verde musgo (CM).
 - Guerreira verde musgo:
 - Divisas, emblemas e distintivos.
 - Condecoracións en tamaño normal.
 - Camisa branca de manga longa:
 - Gravata negra de nó.
 - Pasador suxeitagravatas (O).
 - Faixa ou cinguideira:
 - Faixa para oficiais xenerais.
 - Ganchos dourados.
 - Cinguideira de gala dourada (CM).
 - Pantalón ou saia:
 - (M; F) Pantalón verde gris claro.
 - (F) Saia verde gris claro.
 - Cinto verde musgo de cordel trenzado.
 - Zapatos:
 - (M; F) Zapatos negros de amallós.
 - (F) Zapatos negros de taco.
 - Calcetíns ou medias:
 - (M; F) Calcetíns negros.
 - (F) Medias de cor natural.
 - Gabardina verde musgo (O).
 - Luvras brancas.

- (F) Bolso negro (O).
- 2. Modalidade «B».
 - Indumentaria de cabeza:
 - (M) Gorra de prato verde musgo con funda branca.
 - (F) Gorro feminino verde musgo con funda branca.
 - Guerreira cerrada branca con pas portadivisas de cor verde musgo:
 - Divisas, emblemas e distintivos.
 - Condecoracións en tamaño normal.
 - Colo e puños brancos.
 - Faixa ou cingudeira:
 - Faixa para oficiais xenerais.
 - Ganchos dourados.
 - Pantalón ou saia:
 - (M; F) Pantalón branco.
 - (F) Saia branca.
 - Cinto branco de cordel trenzado.
 - Zapatos:
 - (M; F) Zapatos brancos de amallós.
 - (F) Zapatos de taco brancos.
 - Calcetíns / Medias:
 - (M; F) Calcetíns brancos.
 - (F) Medias de cor natural.
 - Luvas brancas.
 - (F) Bolso branco (O).

Norma 48.^a *Uniforme para actos de especial relevancia.*

Modalidade «A».

- Indumentaria de cabeza:
 - (M) Gorra de prato verde musgo.
 - (F) Gorro feminino verde musgo.
- Guerreira verde musgo:
 - Divisas, emblemas e distintivos.
 - As condecoracións portaranse en pasador, excepto as correspondentes á Gran Cruz Laureada, á Cruz Laureada e á Medalla Militar individual, que se levarán sempre no seu tamaño normal.
- Rectángulo de identificación persoal.
- Camisa branca de manga longa:
 - Gravata negra de nó.
 - Pasador suxeitagratas (O).
- Faixa para oficiais xenerais.

- Pantalón ou saia:
 - (M; F) Pantalón verde gris claro.
 - (F) Saia verde gris claro.
 - Cinto verde musgo de cordel trenzado.
 - Zapatos:
 - (M; F) Zapatos negros de amallós.
 - (F) Zapatos negros de taco.
 - Calcetíns ou medias:
 - (M; F) Calcetíns negros.
 - (F) Medias de cor natural.
 - Gabardina verde musgo (O).
 - Luvras brancas.
 - (F) Bolso negro (O).
- Modalidade «B».
- Indumentaria de cabeza:
 - (M) Gorra de prato con funda branca.
 - (F) Gorro feminino verde musgo con funda branca.
 - Guerreira cerrada branca con pas portadivisas:
 - Divisas, emblemas e distintivos.
 - As condecoracións portaranse en pasador, excepto as correspondentes á Gran Cruz Laureada, á Cruz Laureada e á Medalla Militar individual, que se levarán sempre no seu tamaño normal.
 - Rectángulo de identificación persoal
 - Colo e puños brancos.
 - Faixa para oficiais xenerais.
 - Pantalón ou saia:
 - (M, F) Pantalón branco.
 - (F) Saia branca:
 - Cinto branco de cordel trenzado.
 - Zapatos:
 - (M; F) Zapatos brancos de amallós.
 - (F) Zapatos brancos de taco.
 - Calcetíns ou medias:
 - (M; F) Calcetíns brancos
 - (F) Medias de cor natural.
 - Luvras brancas.
- (F) Bolso branco (O).

Norma 49.^a *Uniforme de diario.*

1. Modalidade «A».

- Indumentaria de cabeza:
 - (M) Gorra de prato verde musgo ou peza de roupa específica da unidade.
 - (F) Gorro feminino verde musgo ou peza de roupa específica da unidade.
- Guerreira verde musgo:
 - Divisas, emblemas e distintivos.
 - As condecoracións portaranse en pasador, excepto as correspondentes á Gran Cruz Laureada, á Cruz Laureada e á Medalla Militar individual, que se levarán sempre no seu tamaño normal.
 - Rectángulo de identificación persoal.
- Camisa verde oliva de manga longa:
 - Gravata verde musgo de nó.
 - Pasador suxeitagravatas (O).
- Pantalón ou saia:
 - (M, F) Pantalón verde gris claro.
 - (F) Saia verde gris claro.
- Cinto verde musgo de cordel trenzado.
- Zapatos:
 - (M; F) Zapatos negros de amallós.
 - (F) Zapatos negros de taco.
- Calcetíns ou medias:
 - (M; F) Calcetíns negros.
 - (F) Medias de cor natural.
- Gabardina verde musgo (O).
- Luvas negras (CM, O).
- (F) Bolso negro (O).

2. Modalidade «B».

- Indumentaria de cabeza:
 - (M) Gorra de prato con funda branca ou peza de roupa específica da unidade.
 - (F) Gorro feminino verde musgo con funda branca ou peza de roupa específica da unidade.
- Guerreira cerrada branca con pas portadivisas:
 - Divisas, emblemas e distintivos.
 - Condecoracións en pasadores.
 - Rectángulo de identificación persoal.
 - Colo e puños brancos.
- Pantalón ou saia:
 - (M; F) Pantalón branco.
 - (F) Saia branca.
- Cinto branco de cordel trenzado.

- Zapatos:
 - (M; F) Zapatos brancos de amallós.
 - (F) Zapatos brancos de taco.
 - Calcetíns ou medias:
 - (M; F) Calcetíns brancos.
 - (F) Medias de cor natural.
 - (F) Bolso branco (O).
3. Modalidade «C».
- Indumentaria de cabeza:
 - (M) Gorra de prato con funda branca ou peza de roupa específica da unidade.
 - (F) Gorro feminino verde musgo con funda branca ou peza de roupa específica da unidade.
 - Camisa branca de manga curta con pas portadivisas:
 - Ombreiras portadivisas cor verde musgo.
 - Divisas e emblemas.
 - Condecoracións en pasadores.
 - Rectángulo de identificación persoal.
 - Pantalón ou saia:
 - (M; F) Pantalón branco.
 - (F) Saia branca.
 - Cinto branco de cordel trenzado.
 - Zapatos:
 - (M; F) Zapatos brancos de amallós.
 - (F) Zapatos brancos de taco.
 - Calcetíns ou medias:
 - (M; F) Calcetíns brancos.
 - (F) Medias de cor natural.
 - (F) Bolso branco (O).

Norma 50.^a *Uniforme de traballo.*

1. Modalidade «A».
- Indumentaria de cabeza:
 - Gorro cor verde musgo ou peza de roupa específica da unidade.
 - Cazadora verde musgo (P):
 - Ombreiras portadivisas verde musgo.
 - Divisas, emblemas e os distintivos autorizados con este uniforme.
 - Rectángulo de identificación persoal.
 - Camisa verde oliva manga longa:
 - Gravata verde musgo de nó.
 - Pasador suxeitagravatas (O).

- Pantalón ou saia:
 - (M; F) Pantalón verde gris claro.
 - (F) Saia verde gris claro.
 - Cinto verde musgo de cordel trenzado.
 - Zapatos:
 - (M; F) Zapatos negros de amallós.
 - (F) Zapatos negros de taco.
 - Calcetíns ou medias:
 - (M; F) Calcetíns negros.
 - (F) Medias de cor natural.
 - Gabardina verde musgo (O).
 - Luvras negras (O).
 - (F) Bolso negro (O).
2. Modalidade «B».
- Indumentaria de cabeza:
 - Gorro cor verde musgo ou peza de roupa específica da unidade.
 - Xersei verde (O)
 - Camisa verde oliva de manga longa:
 - Ombreiras portadivisas verde musgo.
 - Divisas e os distintivos autorizados con este uniforme.
 - Rectángulo de identificación persoal.
 - Gravata verde musgo de nó.
 - Pasador suxeitagravatas co emblema da especialidade fundamental.
 - Pantalón ou saia:
 - (M; F) Pantalón verde gris claro.
 - (F) Saia verde gris claro.
 - Cinto verde musgo de cordel trenzado.
 - Zapatos:
 - (M; F) Zapatos negros de amallós.
 - (F) Zapatos negros de taco.
 - Calcetíns ou medias:
 - (M; F) Calcetíns negros.
 - (F) Medias de cor natural.
 - (F) Bolso negro (O).
3. Modalidade «C».
- Indumentaria de cabeza:
 - Gorro cor verde musgo ou peza de roupa específica da unidade.
 - Camisa branca de manga curta:
 - Pas portadivisas verde musgo.

- Divisas, emblemas e os distintivos autorizados con este uniforme.
- Rectángulo de identificación persoal.
- Pantalón ou saia:
 - (M; F) Pantalón verde gris claro.
 - (F) Saia verde gris claro.
- Cinto verde musgo de cordel trenzado.
- Zapatos:
 - (M; F) Zapatos negros de amallós.
 - (F) Zapatos negros de taco.
- Calcetíns ou medias:
 - (M; F) Calcetíns negros.
 - (F) Medias de cor natural.
- (F) Bolso negro (O).

Norma 51.^a *Equipamento deportivo.*

- Chándal.
- Suadoiro.
- Camiseta de manga curta.
- Pantalón curto de deporte.
- Mallas (O).
- Calcetíns de deporte.
- Zapatillas de deporte.
- Traxe de baño.

Norma 52.^a *Corpo xurídico militar.*

O disposto nas presentes normas de uniformidade das Forzas Armadas enténdese sen prexuízo do establecido nas leis procesuais militares con respecto aos membros do corpo xurídico militar que exerzan funcións xudiciais e fiscais.

Norma 53.^a *Corpo militar de sanidade.*

O persoal do corpo militar de sanidade no uso das súas funcións, en hospitais militares e centros asistenciais, poderá facer uso da indumentaria propia da súa profesión sanitaria (uniformes especiais), cuxa composición e utilización será regulada polo director ou xefe do centro. En calquera caso, portarán as divisas correspondentes ao seu emprego militar.

Norma 54.^a *Corpo de músicas militares.*

Os membros do corpo de músicas militares, cando se encontren destinados nas músicas militares das unidades, utilizarán a uniformidade dos corpos comúns.

En formacións con tropas e en actos militares, será obrigatorio o uso do uniforme representativo da unidade de destino co emblema propio do corpo de músicas militares.

Nas presentacións e despedidas, por ascenso ou cambios de destino, audiencias, reunións e comisións de servizo alleas ao destino que non impliquen formacións, utilizarán o uniforme dos corpos comúns.

Norma 55.^a *Uniformes de campaña, especiais e de educación física e en buques da Armada.*

1. Os membros dos corpos comúns das Forzas Armadas que estean destinados ou comisionados na estrutura orgánica dos exércitos ou na operativa das Forzas Armadas utilizarán os mesmos uniformes de campaña e os especiais, de ser o caso, así como o equipamento deportivo, que correspondan ás unidades en que sirvan.


2. Cando se trate de buques da Armada, os que teñan tal categoría utilizarán a mesma uniformidade que os oficiais.

GRANDE ETIQUETA Modalidade única



ETIQUETA Modalidade única


GALA Modalidade A


GALA Modalidade B


ESPECIAL RELEVANCIA Modalidade A e B

DIARIO Modalidade A


DIARIO Modalidade B



DIARIO Modalidade C

TRABALLO Modalidade A

TRABALLO Modalidade B

TRABALLO Modalidade C

TÍTULO VI

Uniformidade do persoal militar en estado de xestación

Norma 56.^a *Emprego da uniformidade de xestantes.*

As militares en estado de xestación utilizarán a uniformidade correspondente ao período de xestación cando o seu estado lles impida empregar a roupa regulamentaria de uso xeral.

Norma 57.^a *Composición de roupas militares específicas para xestantes.*

Serán roupas específicas para xestantes as seguintes:

- Guerreira/Cazadora.
- Camisa blusón de manga longa.
- Camisa blusón de manga curta.
- Pichi.
- Pantalón.
- Saia.
- Camisola do uniforme de campaña (en unidades onde o seu uso sexa xeral).
- Pantalóns do uniforme de campaña (en unidades onde o seu uso sexa xeral).
- Peza de roupa de abrigo.
- Medias relax.
- Zapato de taco baixo.

Con carácter xeral, a indumentaria de cabeza e as luvas serán as mesmas que compoñen os uniformes correspondentes do persoal feminino e utilizaranse nas mesmas ocasións.

O pichi poderá substituírse por saia ou pantalón, caso en que se empregarán medias ou calcetíns, respectivamente.

Norma 58.^a *Uniforme de etiqueta e gala.*

1. Modalidade única:

- Guerreira/chaqueta.
- Pichi.
- Camisa blusón de manga longa.
- Gravata/lazo.
- Zapatos de amallós ou de taco baixo.
- Condecoracións en miniatura en uniforme de etiqueta.
- Condecoracións tamaño natural en uniforme de gala.
- Esta uniformidade será a considerada como uniforme de grande etiqueta e etiqueta para o persoal militar en estado de xestación. Este persoal poderá substituír o pichi pola saia.

Norma 59.^a *Uniforme de diario.*

1. Modalidade «A»:

- Guerreira/chaqueta/cazadora.
- Pichi.
- Camisa blusón de manga longa.
- Gravata.
- Zapatos de amallós ou de taco baixo.

2. Modalidade «B»:
 - Pichi.
 - Camisa blusón de manga longa con ombreiras portamanguitos.
 - Gravata.
 - Zapatos negros de amallós ou de taco baixo.
3. Modalidade «C»:
 - Pichi.
 - Camisa blusón de manga curta con ombreiras portamanguitos.
 - Zapatos negros de amallós ou de taco baixo.
4. O persoal militar xestante da Armada e dos corpos comúns das Forzas Armadas empregará a modalidade «C» nos casos en que corresponda especificamente esta modalidade e tamén cando o resto dos seus compoñentes utilicen a modalidade «B».

Norma 60.^a *Uniformidade de traballo.*

1. Modalidade «A»:
 - Guerreira/Chaqueta/Cazadora.
 - Pichi.
 - Camisa blusón de manga longa.
 - Gravata.
 - Zapatos de amallós ou de taco baixo.
2. Modalidade «B»:
 - Pichi.
 - Camisa blusón de manga longa con ombreiras portamanguitos.
 - Gravata.
 - Zapatos negros de amallós ou de taco baixo.
3. Modalidade «C»:
 - Pichi.
 - Camisa blusón de manga curta con ombreiras portamanguitos.
 - Zapatos negros de amallós ou de taco baixo.

TÍTULO VII

Composición dos uniformes, emblemas, divisas e distintivos dos capeláns do servizo de asistencia relixiosa nas Forzas Armadas

Norma 61.^a *Uniformidade.*

1. Os capeláns castrens, no exercicio das súas funcións, usarán o uniforme de campaña da unidade en que se encontren destinados ou comisionados cando asistan a operacións, manobras ou exercicios.
2. Nos buques da Armada os capeláns castrens utilizarán a mesma uniformidade que os oficiais embarcados.
3. No exercicio das súas funcións en hospitais militares e centros asistenciais, deberán facer uso da indumentaria propia da súa condición sacerdotal, sobre a cal poderán utilizar as roupas establecidas pola dirección do centro, co seu distintivo específico colocado na zona «A» de colocación de distintivos desta orde ministerial.
4. Os capeláns castrens que desempeñen o oficio de vicario, no exercicio do seu cargo, poderán usar faixeta de cor morada con flocos da mesma cor.

5. Os capeláns castrenses non poderá usar o uniforme militar en actividades que sexan alleas ao servizo nas Forzas Armadas.

6. O arcebispo castrense determinará a uniformidade que usarán en actos oficiais e nas restantes actividades propias do servizo.

Norma 62.^a *Emblema do Arcebispado Castrense.*

1. O emblema do Arcebispado Castrense está constituído por unha cruz latina trevolada, orlada por dúas ramas de carballo nervadas e froitadas, unidas polos seus troncos e libres as puntas que se pechan cara á parte superior da cruz, todo de cor ouro, timbrado de coroa real nas súas cores.

2. O porte lexítimo deste emblema corresponde ás persoas ou cousas do Arcebispado Castrense.



Emblema do Arcebispado Castrense

Emblema do Arcebispado Castrense

Norma 63.^a *Consideración de emprego e divisas dos capeláns do servizo de asistencia relixiosa das Forzas Armadas.*


1. Os capeláns que vistan o uniforme militar usarán as ombreiras, manguitos ou parches que se correspondan co exército en que estean encadrados. Levarán o emblema do Arcebispado Castrense e as divisas que se correspondan co emprego a que estean asimilados.

2. As divisas estarán constituídas por un círculo con tres ou catro liñas diametrais no seu interior, segundo a súa relación de carácter temporal ou permanente, cuxos extremos no círculo están divididos en partes iguais, e terán como referencia un diámetro vertical. Segundo o emprego, clasifícanse nos seguintes:

– Os capeláns con consideración de coronel levarán tres círculos con catro liñas diametrais, postos en liña horizontal.

- Os capeláns con consideración de tenente coronel levarán dous círculos con catro liñas diametrais, postos en liña horizontal.
- Os capeláns con consideración de comandante levarán un círculo con catro liñas diametrais.
- Os capeláns con consideración de capitán levarán tres círculos con tres liñas diametrais, dúas en liña horizontal e a terceira centrada por encima das anteriores.

3. O tamaño das ombreiras, manguitos e parches, así como o dos elementos do emblema e dos distintivos, e as distancias na separación entre eles, serán os establecidos nas normas que determinen as súas especificacións técnicas.



4. Sobre a vestimenta eclesiástica, á altura do peto superior esquerdo do peito, poderase utilizar un parche portadistintivos en fondo de cor morada, co emblema do Arcebispo Castrense e os distintivos de cada emprego en cor ouro.



Norma 64.^a Recompensas e distintivos do servizo de asistencia relixiosa das Forzas Armadas.

1. Os capeláns do servizo de asistencia relixiosa nas Forzas Armadas (Sarfes) terán dereito ao uso das mesmas recompensas que o persoal militar.
2. As condecoracións militares, así como os distintivos de permanencia e de cursos que teñan recoñecidos, colocaranse sobre o uniforme militar nos mesmos lugares e nas mesmas ocasións que o persoal militar.

Norma 65.^a Indumentaria de cabeza.

Os capeláns castrenses portarán a indumentaria de cabeza que se corresponda coa uniformidade do exército que lle proporcione o uniforme.

Norma 66.^a Uso do distintivo internacional do persoal relixioso.

Nas operacións que poidan implicar o uso da forza, os capeláns castrenses, no exercicio das súas funcións, levarán fixado no brazo esquerdo un brazaete cunha cruz vermella sobre fondo branco, representativo do distintivo internacional establecido nos convenios de Xenebra do 12 de agosto de 1949 e nos seus protocolos adicionais do 8 de xuño de 1977.

TÍTULO VIII

Reservistas voluntarios

Norma 67.^a *Normas específicas de uniformidade.*

1. Os aspirantes á condición de reservista voluntario, en período de formación, rexeranse polas normas de uniformidade establecidas para o resto de alumnos dos centros docentes militares de formación correspondentes ao seu exército ou corpo de pertenza, coas particularidades existentes para o uso dos distintivos específicos da súa condición de aspirante en cada categoría.

2. Os aspirantes a reservista voluntario levarán un distintivo por encima do peto esquerdo do uniforme. Este distintivo constará das letras ARV, plastificadas e xerografadas en negro, sobre un círculo de seis centímetros de diámetro sobre fondo vermello, amarelo ou branco, en función da categoría: oficial ARV, suboficial ARV e tropa e mariñeiría ARV, respectivamente.

3. De conformidade co disposto no artigo 43, número 3, do Regulamento de reservistas das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 383/2011, do 18 de marzo, os reservistas voluntarios en situación de activado, cando se incorporen ás Forzas Armadas, usarán o mesmo uniforme que o establecido para os militares en servizo activo de emprego equivalente do exército ou dos corpos comúns das Forzas Armadas en que se encadren, co distintivo específico de reservista voluntario.

4. De conformidade co disposto no artigo 43, número 4, do Regulamento de reservistas das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 383/2011, do 18 de marzo, os reservistas voluntarios en situación de dispoñibilidade poderán vestir o uniforme, co coñecemento do subdelegado de Defensa correspondente, con ocasión da súa asistencia a actos castrenses e sociais, e da súa participación en actos e celebracións das unidades, centros ou organismos do Ministerio de Defensa e dos organismos nacionais e internacionais a que pertencen pola súa condición de reservista voluntario.

5. En calquera outra actividade, para cuxa participación non se teña en conta a súa condición de reservista, e cuxo desenvolvemento quede fóra do marco da reserva voluntaria, non se poderá utilizar roupa constitutiva do vestiario militar.

Norma 68.^a *Uniformidade en actos de carácter castrense.*

O reservista voluntario poderá utilizar o uniforme militar, na modalidade que a organización do acto estableza, en todos os actos e celebracións de carácter castrense a que asista en calidade de participante ou invitado, e nos cales sexa obrigatorio que o vista o persoal militar profesional en servizo activo que participe naquel.

Norma 69.^a *Uniformidade en actos de carácter social.*

O reservista voluntario poderá usar o uniforme militar, na modalidade que corresponda, en actos e celebracións sociais nas mesmas condicións que o persoal militar profesional en servizo activo participante ou invitado.

Norma 70.^a *Reunións e congresos nacionais ou internacionais.*

Os reservistas voluntarios en situación de dispoñibilidade poderán vestir o uniforme, co coñecemento do subdelegado de Defensa correspondente, con ocasión da súa participación en reunións e congresos de organismos nacionais e internacionais a que pertencen pola súa condición de reservista voluntario.

Norma 71.^a *Uso de condecoracións.*

Os reservistas voluntarios rexeranse polas presentes normas sobre uso de condecoracións.

Os reservistas voluntarios que estean en posesión de condecoracións militares, por teren pertencido previamente ás Forzas Armadas españolas, deberán solicitar ao xefe de Estado Maior do seu exército ou ao subsecretario de Defensa, para os corpos comúns das Forzas Armadas, autorización para poder usalas sobre o uniforme.

Norma 72.^a *Emblemas dos reservistas voluntarios.*

O persoal reservista voluntario e o aspirante a reservista voluntario usarán sobre o uniforme o emblema do exército a que pertencan. O persoal da Armada non usará emblema.

Norma 73.^a *Distintivo dos reservistas voluntarios.*

1. O distintivo de reservista voluntario consta dun escudo español partido e enclavado de catro: primeiro, xadrezado de sable e azur, de tres e oito; segundo, de goles. Xefe coas cores nacionais distribuídas como na Insignia Nacional cosido de sable. Atravesantes dúas espadas, a destra baixa con folla de prata e mangada de ouro e a sinistra alta do mesmo.

2. Estará fabricado en metálico, cunhas medidas de 2,5 centímetros de largo por 3 centímetros de alto e cos esmaltes que correspondan á súa descrición heráldica. O distintivo de reservista voluntario colocarse na zona «D» de localización de distintivos, excepto sobre os uniformes de grande etiqueta, etiqueta e campaña.

3. Cando se porte sobre o uniforme de campaña, o distintivo de reservista voluntario estará plastificado e xerografado en negro sobre loneta da mesma cor do uniforme de campaña. Terá unhas medidas de 4 centímetros de largo por 5 centímetros de alto sobre o cal se enmarcará o escudo de 2,5 centímetros de largo por 3 centímetros de alto e irá colocado na zona «D» de localización de distintivos.

TÍTULO IX

Emblemas

Norma 74.^a *Definición.*

Os emblemas son símbolos que constitúen os sinais de identidade dos membros das Forzas Armadas, desde a súa pertenza ao Exército de Terra, á Armada, ao Exército do Aire ou aos corpos comúns das Forzas Armadas.

Dentro de cada exército ou corpo poderán existir emblemas que identifiquen determinados corpos, especialidades fundamentais, especialidades complementarias e unidades.

Norma 75.^a *Xeneralidades.*

Os emblemas do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire son os únicos representativos destas institucións.

Os emblemas do corpo xurídico militar, do corpo militar de intervención, do corpo militar de sanidade e do corpo de músicas militares son os únicos representativos dos corpos comúns das Forzas Armadas.

Os xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire para o persoal dos corpos específicos dos exércitos, e o subsecretario de Defensa para o persoal dos corpos comúns das Forzas Armadas desenvolverán, mediante instrución, a composición dos emblemas que sexan representativos dos distintos corpos e especialidades fundamentais, e outros emblemas especiais que entren dentro dos seus respectivos ámbitos de competencia.

O porte lexítimo destes emblemas corresponde, con carácter exclusivo, ás persoas ou obxectos pertencentes a cada unha destas institucións.

O colorido dos emblemas poderase simplificar e adaptar á roupa sobre a cal se deban utilizar, de acordo cos diferentes tipos e modalidades de uniformes.

Norma 76.^a Clasificación.

Recoñécense os seguintes tipos de emblemas:

- Os que representan o Exército de Terra, a Armada e o Exército do Aire.
- Os que representan o corpo xurídico militar, o corpo militar de intervención, o corpo militar de sanidade e o corpo de músicas militares.
- Os que representan un determinado corpo específico ou unha especialidade fundamental.
- Os que representan circunstancias especiais.

CAPÍTULO I

Emblemas do Exército de Terra**Norma 77.^a Do exército.**

Constituirá o sinal de identificación do Exército de Terra, nas cores e dimensións que en cada caso se determine.

O emblema está composto por unha aguia dourada coa cabeza de perfil mirando á destra co peteiro mostrando a lingua, as ás estendidas e levantadas cara ao alto, a cola baixa aberta, as patas separadas cara abaixo coas gadoupas abertas; cargada cruz-espada de Santiago en vermello e a coroa real de España soportada polos extremos superiores das ás.

Norma 78.^a Dos corpos específicos.

Terán emblemas característicos propios os seguintes corpos específicos do Exército de Terra:

- As especialidades fundamentais do corpo xeral do Exército de Terra.
- O corpo de intendencia do Exército de Terra.
- O corpo de enxeñeiros politécnicos do Exército de Terra.

Norma 79.^a Emblemas especiais.

- Dos capitáns xenerais
- Dos oficiais xenerais.
- Dos diplomados de Estado Maior.
- Dos destinados en determinadas unidades e centros.

Norma 80.^a Colocación dos emblemas.

O emblema do Exército de Terra usarase na indumentaria de cabeza, botóns da guerreira e fibelas de cintos e cingudeiras. En determinadas unidades, o emblema da indumentaria de cabeza será o da unidade.

Con carácter xeral, o resto dos emblemas colocarase sobre os uniformes, excepto nos uniformes de campaña e especiais, en ambos os lados do colo da gabardina ou peza de roupa de abrigo equivalente, da guerreira, da cazadora e da camisa de manga curta, así como no pasador suxeitagravatas.

Norma 81.^a Desenvolvemento normativo.

Facúltase o xefe de Estado Maior do Exército de Terra para desenvolver a normativa correspondente aos emblemas das especialidades fundamentais, complementarias e outros emblemas especiais do Exército de Terra, no referente á súa composición, colocación e uso, de acordo co disposto neste capítulo.

CAPÍTULO II

Emblemas da ArmadaNorma 82.^a *Da Armada.*

O emblema xeral da Armada é unha áncora en perspectiva, dentro dun escudo ovalado e timbrado de coroa de ouro e pedraría, con fondo negro e cun filete de ouro que simula un cabo ou cable.

Norma 83.^a *Dos corpos e escalas.*

Terán emblemas característicos propios os seguintes corpos específicos da Armada:

- O corpo xeral da Armada.
- O corpo de Infantaría de Mariña.
- O corpo de intendencia da Armada.
- O corpo de enxeñeiros da Armada.

Norma 84.^a *Colocación dos emblemas.*

O emblema dos diferentes corpos e escalas da Armada colocarase na galleta, ombreiras, pas ou bocamangas, dependendo da uniformidade e modalidade.

Norma 85.^a *Desenvolvemento normativo.*

Facúltase o xefe de Estado Maior da Armada para desenvolver a normativa correspondente aos emblemas das especialidades fundamentais, complementarias e outros emblemas especiais da Armada, no referente á súa composición, colocación e uso, de acordo co disposto neste capítulo.

CAPÍTULO III

Emblemas do Exército do AireNorma 86.^a *Do Exército do Aire.*

Constituirá o sinal de identificación do Exército do Aire, nas cores e dimensións que en cada caso se determine.

Está composto por ás e cola en prata con círculo vermello no seu centro e a coroa real na súa parte superior.

Norma 87.^a *Dos corpos.*

Terán emblemas característicos propios os seguintes corpos específicos do Exército do Aire:

- O corpo xeral do Exército do Aire.
- O corpo de intendencia do Exército do Aire.
- O corpo de enxeñeiros do Exército do Aire.

A cor do círculo central do emblema do Exército do Aire será vermella para o corpo xeral, azul para o corpo de intendencia e negra para o corpo de enxeñeiros. No centro do círculo figurará o distintivo da especialidade fundamental.

Norma 88.^a *Colocación dos emblemas.*

O emblema do Exército do Aire e o dos corpos do Exército do Aire usaranse na indumentaria de cabeza, botóns da guerreira e fibelas de cintos e cinguideiras.

Os rombos portaranse nas lapelas da guerreira do uniforme de gala, do de especial relevancia e do uniforme de diario modalidade «A». Con carácter xeral, o persoal levará os rombos co fondo e o círculo do emblema da cor correspondente ao corpo de pertenza.

Norma 89.^a *Desenvolvemento normativo.*

Facúltase o xefe de Estado Maior do Exército do Aire para desenvolver a normativa correspondente aos emblemas das especialidades fundamentais, complementarias e outros emblemas especiais do Exército do Aire, no referente á súa composición, colocación e uso, de acordo co disposto neste capítulo.

CAPÍTULO IV

Emblemas dos corpos comúns das Forzas Armadas.

Norma 90.^a *Dos corpos.*

O emblema do corpo xurídico militar está composto por un feixe de lictores enfilado por alabarda, orlado de dúas ramas de carballo nervadas e froitadas, unidas polos seus troncos e leadas en punta.

O emblema do corpo militar de intervención está composto por unha espada vertical, con sol radiante superposto, orlada de dúas ramas de carballo nervadas e froitadas, unidas polos seus troncos e leadas en punta.

O emblema do corpo militar de sanidade está composto por unha cruz de Malta.

O emblema do corpo de músicas militares está composto por unha lira.

Norma 91.^a *Colocación dos emblemas.*

Os emblemas dos corpos comúns das Forzas Armadas usaranse en indumentaria de cabeza, en lapelas da guerreira e da cazadora, nas pas e manguitos portadivisas, no pasador suxeitagravatas e na cinguideira de gala. Nos botóns da guerreira e da cazadora figurará o escudo nacional.

Os membros dos corpos comúns das Forzas Armadas, cando utilicen os uniformes dos exércitos, portarán o emblema do seu corpo en substitución dos emblemas específicos daqueles.

Norma 92.^a *Desenvolvemento normativo.*

Facúltase o subsecretario de Defensa para desenvolver a normativa correspondente aos emblemas das especialidades fundamentais, complementarias e outros emblemas especiais dos corpos comúns das Forzas Armadas, no referente á súa composición, colocación e uso, de acordo co disposto neste capítulo.

TÍTULO X

Divisas

Norma 93.^a *Definición.*

Divisa é o sinal exterior para distinguir as categorías e os empregos do persoal militar.

Norma 94.^a *Clasificación.*

Divisas de emprego. Son aqueles símbolos que por si sos reflicten o emprego dos militares. Trátase, principalmente, de diversos tipos de estrelas e galóns, á parte doutros símbolos característicos dos alumnos dos centros militares de ensino de formación. O seu deseño e colocación regularanse nestas normas guiándose polo uso e a tradición nos uniformes militares e en función das distintas modalidades. O colorido e o material das divisas poderanse simplificar e adaptar ás pezas de roupa sobre as cales se deban utilizar.

Divisas de categoría. Son aqueles símbolos ou roupas que, sen representaren o emprego do militar, si representan a súa categoría e complementan as divisas de emprego. Trátase de atributos varios como as palmas e ramas para galletas e viseiras da indumentaria de cabeza; bastóns de mando, faixetas e sabres; torcidas, serretas, galóns e cordonciños en mangas de uniforme, laterais e frontal dos gorriños.

CAPÍTULO I

Divisas do Exército de Terra

Norma 95.^a *Divisas de emprego dos oficiais xenerais do Exército de Terra.*

– Capitán xeneral: dous bastóns de mando en aspa coas empuñaduras no baixo, acompañados no alto pola coroa real. En cada un dos ángulos da aspa disporase unha estrela de catro puntas e outra estrela, igual ás anteriores, no punto de cruzamento dos bastóns.

– Xeneral de exército: un sabre en banda sobre un bastón de mando, pasantes en aspa coas empuñaduras no baixo, acompañados no alto pola coroa real. En cada un dos ángulos da aspa disporase unha estrela de catro puntas.

– Tenente xeneral: igual que a divisa descrita no punto 2 desta norma cunha estrela de catro puntas en cada un dos ángulos laterais da aspa e no baixo.

– Xeneral de división: igual que a divisa descrita no punto 2 desta norma cunha estrela de catro puntas en cada un dos ángulos laterais da aspa.

– Xeneral de brigada: igual que a divisa descrita no punto 2 desta norma cunha estrela de catro puntas no punto de cruzamento da aspa.

Norma 96.^a *Divisas de emprego dos oficiais do Exército de Terra.*

A divisa que caracteriza os diferentes empregos de oficiais é a estrela de oito ou de seis puntas. O diámetro da primeira é superior ao da segunda.

– Estrelas de oito puntas: coronel, tres estrelas; tenente coronel, dúas estrelas; comandante, unha estrela.

– Estrelas de seis puntas: capitán, tres estrelas dispostas en triángulo; tenente, dúas estrelas; alférez, unha estrela.

Norma 97.^a *Divisas de emprego dos suboficiais do Exército de Terra.*

– Suboficial maior: dous galóns de ouro de 8 milímetros de largura, paralelos entre si, con reberetes vermellos de 1 milímetro, en ángulo de 120 graos, acompañados dunha estrela de cinco puntas, tamén con reberete, no baixo.

– Subtenente: un galón de ouro de 8 milímetros de largura, con reberete vermello de 1 milímetro, en ángulo de 120 graos, acompañado dunha estrela de cinco puntas, tamén con reberete, no baixo.

– Brigada: dous galóns de ouro de 10 milímetros de largura, con reberetes vermellos de 1 milímetro, formando sardiñeta.

– Sarxento primeiro: tres galóns de ouro de 10 milímetros de largura, con reberetes vermellos de 1 milímetro, paralelos e unidos ao do centro. No seu bordo superior centrado, e co vértice cara arriba, sae un galón igual ao anterior con forma de ángulo recto.

– Sarxento: tres galóns de ouro de 10 milímetros de largura, con reberetes vermellos de 1 milímetro, paralelos e unidos ao do centro.

Norma 98.^a *Divisas de emprego dos militares de tropa do Exército de Terra.*

– Cabo maior: un galón dourado de 10 milímetros de largura, con reberetes vermellos de 1 milímetro do seu bordo superior, centrado e co vértice cara arriba sae un galón igual ao anterior con forma de ángulo recto.

- Cabo primeiro: un galón de ouro de 10 milímetros de largura, con reberetes vermellos de 1 milímetro.
- Cabo: tres galóns vermellos de 10 milímetros de largura, con reberetes negros de 1 milímetro, paralelos e unidos ao do centro.
- Soldado: un galón vermello de 10 milímetros de largura, con reberetes negros de 1 milímetro.

Norma 99.^a *Divisas dos alumnos das academias de formación.*

A divisa que caracteriza os alumnos dos centros docentes de formación do Exército de Terra é o galón ouro en ángulo recto.

- a) Academia Xeral Militar:
 - Alumnos de primeiro curso: un ángulo recto co vértice cara abaixo.
 - Alumnos de segundo curso: dous ángulos cos lados paralelos e separados entre si, cos vértices cara abaixo.
 - Alféreces alumnos de terceiro, cuarto e quinto cursos: unha estrela de seis puntas.
- b) Academia Xeral Básica de Suboficiais:
 - Alumnos de primeiro curso: un ángulo recto co vértice cara arriba.
 - Alumnos de segundo curso: dous ángulos cos lados paralelos e separados entre si, cos vértices cara arriba.
 - Sarxentos alumnos de terceiro curso: tres galóns con reberetes, paralelos e unidos ao do centro.

Norma 100.^a *Colocación das divisas.*

As divisas sobre os distintos tipos de uniforme colocaranse nos lugares que se indican a continuación:

- Nas bocamangas e colos da guerreira nos uniformes de grande etiqueta e etiqueta colocaranse as divisas dos capitáns xenerais.
- Nas bocamangas da guerreira nos uniformes de grande etiqueta e etiqueta colocaranse as divisas de oficiais xenerais, coroneis, tenentes coroneis, comandantes, suboficial maior, subtenente e brigada.
- Nas mangas da guerreira nos uniformes de grande etiqueta e etiqueta colocaranse as divisas do resto de oficiais, suboficiais e as do persoal de tropa.
- Nas ombreiras dos uniformes de gala, especial relevancia, diario e traballo, así como nas súas roupas de abrigo.
- No uniforme de campaña na cinta de identificación.
- No equipamento de educación física, as divisas colocaranse só sobre o chándal, nun rectángulo vermello, no lado superior esquerdo.

No resto de uniformes colocaranse no lugar que se determine nas instrucións e nas normas que os definan.

Norma 101.^a *Divisas de categoría.*

- a) Oficiais xenerais:
 - Na viseira das gorras de prato, nos gorros femininos, nas bocamangas dos uniformes de grande etiqueta e etiqueta e en cada unha das caídas da faixa vermella en número igual ao das estrelas da súa divisa de emprego, unha serreta de 10 milímetros de largo e 5 milímetros de alto e a 4 milímetros desta, torcida de 20 milímetros de largura de follas de loureiro, simétricas respecto do eixe da viseira, de cor dourada.
 - Na galleta da gorra de prato, gorro feminino e boina, follas de loureiro de cor dourada.

b) Oficiais e alumnos con categoría asimilada á de oficial:

– Na viseira das gorras de prato, nos gorros femininos, nas bocamangas dos uniformes de grande etiqueta e etiqueta, un galón labrado dourado. O de coronel, tenente coronel e comandante será de 9 milímetros de largura, e o do resto de oficiais, de 6 milímetros de largura.

– Na galleta da gorra de prato, no gorro feminino e na boina, follas de carballo douradas.

c) Suboficiais e alumnos da Academia Xeral Básica de Suboficiais:

– Na viseira da gorra de prato, no gorro feminino e nas bocamangas dos uniformes de grande etiqueta e etiqueta, dous cordonciños dourados de 3 milímetros de largura, intercalados 3 milímetros para o suboficial maior e subtenente, e un cordonciño dourado de 3 milímetros de largura para o resto dos suboficiais.

– Na galleta da gorra de prato, no gorro feminino e na boina, follas de aciñeira douradas.

d) Persoal de tropa:

– Na viseira da gorra de prato, no gorro feminino e nas bocamangas dos uniformes de grande etiqueta e etiqueta, un cordonciño vermello de 3 milímetros de largura.

CAPÍTULO II

Divisas da Armada

Norma 102.^a *Divisas de emprego dos oficiais xenerais da Armada.*

– Capitán xeneral: torcida e catro galóns de 14 milímetros. En pas dos uniformes de etiqueta, gala e diario, nas modalidades onde se prevexa o seu uso, dous bastóns de mando en aspa coas empuñaduras no baixo, acompañados no alto pola coroa real. En cada un dos ángulos da aspa dispórase unha estrela de catro puntas e outra estrela, igual ás anteriores, no punto de cruzamento dos bastóns

– Almirante xeneral: torcida e tres galóns de 14 milímetros, na súa parte superior e separado 50 milímetros engadirase unha estrela de cinco puntas. En pas dos uniformes de etiqueta, gala e diario, nas modalidades onde se prevexa o seu uso, un sabre en banda sobre un bastón de mando, pasantes en aspa coas empuñaduras no baixo, acompañados no alto pola coroa real. Na parte inferior da pa ou ombreira, e en cada vértice dun rombo imaxinario, unha estrela de catro puntas.

– Almirantes e tenentes xenerais: torcida e tres galóns de 14 milímetros. En pas dos uniformes de etiqueta, gala e diario, nas modalidades onde se prevexa o seu uso, igual que a divisa descrita no punto 2 desta norma cunha estrela de catro puntas en cada un dos ángulos laterais do rombo e no superior.

– Vicealmirantes: torcida e dous galóns de 14 milímetros. En pas dos uniformes de etiqueta, gala e diario, nas modalidades onde se prevexa o seu uso, igual que a divisa descrita no punto 2 desta norma cunha estrela de catro puntas en cada un dos ángulos laterais do rombo.

– Contraalmirantes e xenerais de brigada: torcida e galón de 14 milímetros. En pas dos uniformes de etiqueta, gala e diario, nas modalidades onde se prevexa o seu uso, igual que a divisa descrita no punto 2 desta norma cunha estrela de catro puntas no centro.

Norma 103.^a *Divisas de emprego dos oficiais da Armada.*

A divisa que caracteriza os diferentes empregos de oficiais é o galón en grosos de 14 ou 7 milímetros, a separación entre galóns será de 5 milímetros e a distancia do bordo interior (do galón inferior) ao bordo da bocamanga será de 80 milímetros. Para o corpo de

Infantería de Mariña a estrela de oito ou de seis puntas. O diámetro da primeira será superior ao da segunda e paralelas ao eixe dos ombros.

- Capitáns de navío e coroneis: catro galóns de 14 milímetros. No corpo de Infantería de Mariña, 3 estrelas de oito puntas.
- Capitáns de fragata e tenentes coroneis: tres galóns de 14 milímetros. No corpo de Infantería de Mariña, 2 estrelas de oito puntas.
- Capitáns de corveta e comandantes: dous galóns de 14 milímetros cun de 7 milímetros intercalado. No corpo de Infantería de Mariña, 1 estrela de oito puntas.
- Tenentes de navío e capitáns: dous galóns de 14 milímetros. No corpo de Infantería de Mariña, 3 estrelas de seis puntas.
- Alféreces de navío e tenentes: un galón de 14 milímetros. No corpo de Infantería de Mariña, 2 estrelas de seis puntas.
- Alféreces de fragata e alféreces: un galón de 7 milímetros. No corpo de Infantería de Mariña, 1 estrela de seis puntas.

Norma 104.^a *Divisas de emprego dos suboficiais da Armada.*

A divisa que caracteriza os diferentes empregos de suboficiais é o galón de ouro.

- Suboficial maior: dous galóns de 8 milímetros de largura, paralelos entre si, con reberetes, en ángulo de 120 grados, acompañados dun galón recto de 10 milímetros na súa parte inferior. O suboficial maior de Infantería de Mariña: galóns anteriores acompañados dunha estrela de cinco puntas, tamén con reberete, entre o ángulo e a sardiñeta central.
- Subtenente: un galón de 8 milímetros, en ángulo de 120 graos, con reberete, acompañado dun galón recto de 5 milímetros na súa parte inferior. O subtenente de Infantería de Mariña: galón anterior acompañado dunha estrela de cinco puntas, tamén con reberete, entre o ángulo e a sardiñeta central.
- Brigada: dous galóns de 80 milímetros formando sardiñeta.
- Sarxento primeiro: tres galóns de 10 milímetros con reberetes, paralelos e unidos ao do centro; do seu bordo superior centrado, e co vértice cara arriba, sae un galón igual ao anterior con forma de ángulo de sesenta graos.
- Sarxento: tres galóns de 10 milímetros con reberetes, paralelos e unidos ao do centro.

Norma 105.^a *Divisas de emprego dos militares de mariñeiría e tropa da Armada.*

A divisa que caracteriza os diferentes empregos de mariñeiría e tropa é o galón dourado con reberete negro para os cabos primeiros e vermello con reberete negro para o resto dos empregos.

- Cabo maior: un galón dourado de 10 milímetros, con reberetes de cor negra. Do seu bordo superior, centrado e co vértice cara arriba sae un galón igual ao anterior con forma de ángulo de 60 graos.
- Cabo primeiro: un galón de ouro de 10 milímetros con reberetes negros.
- Cabo: tres galóns vermellos de 10 milímetros con reberetes negros, paralelos e unidos ao do centro.
- Mariñeiro ou soldado: un galón vermello de 10 milímetros con reberetes negros.

Norma 106.^a *Divisas dos alumnos das escolas de formación.*

a) Escola Naval Militar:

- Os alumnos aspirantes ás escalas de oficiais portarán na manga, no ombro ou no peito, os distintivos co emblema dunha áncora, o cepo horizontal e filete simulando cable ou cabo, timbrada con coroa real, cun ou dous galonciños dourados segundo sexan aspirantes de primeiro ou de segundo, como divisas.

– Os alumnos garda mariñas de terceiro e cuarto curso portarán o emblema de coroa real sobre dúas áncoras cruzadas, cun ou dous galonciños dourados segundo sexan garda mariñas de primeiro ou de segundo.

– Os alumnos de Infantaría de Mariña levarán, ademais, tres sardiñetas sobre o galonciño superior.

– Os alféreces alumnos de quinto curso portarán na bocamanga, no ombro ou no peito, segundo o uniforme, as divisas correspondentes ao emprego e corpo.

b) Escola de suboficiais:

– Os suboficiais alumnos portarán na bocamanga, no ombro ou no peito, segundo o uniforme, o distintivo co emblema da áncora sinalado na alínea a) anterior, cun ou dous galonciños de cor branca os alumnos de primeiro ou de segundo curso. Os distintivos dos suboficiais alumnos do corpo de Infantaría de Mariña serán os mesmos que os do corpo xeral coa soa diferenza de que levarán tres sardiñetas en cor branca sobre o galonciño superior.

– Os sarxentos alumnos do corpo xeral levarán na bocamanga, no ombro ou no peito segundo o uniforme, as divisas correspondentes ao emprego de sarxento e o emblema descrito na alínea a) anterior. Os distintivos dos sarxentos alumnos do corpo de Infantaría de Mariña substituirán este emblema polo do corpo de Infantaría de Mariña.

Norma 107.^a *Divisas de categoría e condición.*

a) Oficiais xenerais:

– Na galleta de gorra, palmas douradas formadas por unha orla de dous talos de carballo de seis follas e tres froitos cada un, estes alternados coas follas exteriores. Os talos, cruzados e unidos por un atume na súa parte inferior, e na superior abertos, cunha separación entre as puntas das súas follas extremas de trinta milímetros. Terán de tamaño oitenta milímetros de largo por cincuenta de alto.

– Na viseira de gorra, palmas de carballo bordadas en ouro ou metálico-douradas, formadas por dous conxuntos simétricos, cada un con catro follas de carballo de cinco lóbulos e colocadas sucesivamente de menor a maior, xunto ao bordo exterior da viseira e, ademais, outras que son tamén dous conxuntos de tres follas cada un das mesmas características, pero que se adaptarán ao bordo interior da viseira.

– Nas pas portadivisas, fondo dourado.

b) Oficiais:

– Na galleta de gorra, palmas douradas formadas por unha orla de dous talos de loureiro con catro follas e tres froitos cada un, estes alternados coas follas exteriores. Os talos, na súa parte inferior, cruzados e unidos mediante un atume e pola súa parte superior abertos.

– Para os empregos de capitán de navío, capitán de fragata, capitán de corveta, coronel, tenente coronel e comandante: na viseira de gorra, palmas de carballo douradas feitas de dous conxuntos simétricos, cada un con catro follas de carballo de cinco lóbulos e colocadas sucesivamente de menor a maior, xunto ao bordo exterior da viseira.

c) Suboficiais:

– Na galleta da gorra, palmas douradas, formadas por unha orla de dous talos de loureiro con dúas follas e dous froitos pola parte exterior daquelas. Os talos, na súa parte inferior, cruzados e unidos mediante un atume e pola súa parte superior abertos.

Norma 108.^a *Colocación das divisas.*

– Nas bocamangas da guerreira ou similar no uniforme de grande etiqueta e na modalidade «A» dos uniformes de etiqueta, gala e diario.

– En pas ou ombreiras portadivisas nas modalidade «B» dos uniformes de etiqueta, gala, especial relevancia, diario e no uniforme de traballo.

CAPÍTULO III

Divisas do Exército do Aire

Norma 109.^a *Divisas de emprego dos oficiais xenerais do Exército do Aire.*

– Capitán xeneral: dous bastóns de mando en aspa coas empuñaduras no baixo, acompañados no alto pola coroa real. En cada un dos ángulos da aspa disporase unha estrela de catro puntas e outra estrela, igual ás anteriores, no punto de cruzamento dos bastóns.

– Xeneral do aire: un sabre en banda sobre un bastón de mando, pasantes en aspa coas empuñaduras no baixo, acompañados no alto pola coroa real. En cada un dos ángulos da aspa disporase unha estrela de catro puntas.

– Tenente xeneral: igual que a divisa descrita no punto 2 desta norma cunha estrela de catro puntas en cada un dos ángulos laterais da aspa e no baixo.

– Xeneral de división: igual que a divisa descrita no punto 2 desta norma cunha estrela de catro puntas en cada un dos ángulos laterais da aspa.

– Xeneral de brigada: igual que a divisa descrita no punto 2 desta norma cunha estrela de catro puntas no punto de cruzamento da aspa.

Norma 110.^a *Divisas de emprego dos oficiais do Exército do Aire.*

A divisa que caracteriza os diferentes empregos de oficiais é a estrela de oito ou de seis puntas. O diámetro da primeira é superior ao da segunda.

– Estrelas de oito puntas: coronel, tres estrelas; tenente coronel, dúas estrelas; comandante, unha estrela.

– Estrelas de seis puntas: capitán, tres estrelas; tenente, dúas estrelas; alférez, unha estrela.

Norma 111.^a *Divisas de emprego dos suboficiais do Exército do Aire.*

A divisa que caracteriza os diferentes empregos de suboficiais é o galón de ouro con reberete verde.

– Suboficial maior: dous galóns de ouro de 8 milímetros de largura cada un, paralelos entre si, con reberetes verdes de 1 milímetro, en ángulo de 120 graos, acompañados dunha estrela de cinco puntas.

– Subtenente: un galón dourado de 8 milímetros de largura, con reberete verde de 1 milímetro, en ángulo de 120 graos, acompañado dunha estrela de cinco puntas.

– Brigada: dous galóns dourados de 10 milímetros de largura, con reberetes verdes de 1 milímetro, formando sardiñeta.

– Sarxento primeiro: tres galóns dourados de 10 milímetros de largura, con reberetes verdes de 1 milímetro, paralelos e unidos ao do centro. No seu bordo superior centrado, e co vértice cara arriba, sae un galón igual ao anterior con forma de ángulo recto.

– Sarxento: tres galóns dourados de 10 milímetros de largura, con reberetes verdes de 1 milímetro, paralelos e unidos ao do centro.

Norma 112.^a *Divisas de emprego dos militares de tropa do Exército do Aire.*

A divisa que caracteriza os diferentes empregos de tropa é o galón de ouro (cabo maior e cabo primeiro) con reberetes verdes ou o galón verde (cabo e soldado) con reberetes negros:

– Cabo maior: un galón dourado, con reberetes de cor verde. Do seu bordo superior centrado e co vértice cara arriba sae un galón igual ao anterior con forma de ángulo recto.

– Cabo primeiro: un galón de ouro con reberetes verdes.

– Cabo: tres galóns verdes con reberetes negros, paralelos e unidos ao do centro.

– Soldado: un galón verde con reberetes negros.

Norma 113.^a *Divisas dos alumnos das academias de formación.*

a) Alumnos da Academia Xeral do Aire. A divisa que caracteriza os alumnos da Academia Xeral do Aire consiste en dúas ás estilizadas en forma de pomba, unidas pola súa base e formando un todo en metal dourado:

- Os alumnos de primeiro curso levarán unha pomba dourada.
- Os alumnos de segundo curso levarán dúas pombas douradas paralelas e separadas entre si dous milímetros.
- Os alumnos de terceiro curso e posteriores, que non sexan alféreces alumnos, levarán tres pombas douradas paralelas e separadas entre si dous milímetros.
- Os alféreces alumnos de terceiro curso levarán, ademais da divisa regulamentaria do seu emprego militar, unha pomba.
- Os alféreces alumnos de cuarto curso levarán, ademais da divisa regulamentaria do seu emprego militar, dúas pombas paralelas e separadas entre si dous milímetros.
- Os alféreces alumnos de quinto curso levarán, ademais da divisa regulamentaria do seu emprego militar, tres pombas paralelas e separadas entre si dous milímetros.

b) Alumnos da Academia Básica do Aire. A divisa que caracteriza os alumnos da Academia Básica do Aire consiste nunha barra prateada:

- Os alumnos do primeiro curso levarán unha barra prateada.
- Os alumnos de segundo curso levarán, ademais da divisa regulamentaria do seu emprego militar, unha barra prateada.
- Os sarxentos alumnos de terceiro curso levarán tres galóns con reberetes, paralelos e unidos ao do centro.

Norma 114.^a *Divisas de categoría e condición.*

a) Oficiais xenerais:

- Nos manguitos portadivisas levarán, próximos á súa parte inferior, un galón de dentes de serra.
- Na viseira da gorra e do gorro feminino, un galón de dentes de serra bordado en ouro e unha torcida; na galleta, unhas palmas.
- No canto superior do tecido que monta o gorro, un galón de dentes de serra dourado.
- Na guerreira dos uniformes de gala e diario, un fío dourado contornará a bocamanga.

b) Oficiais:

- Nos manguitos portadivisas, os coroneis, tenentes coroneis e comandantes levarán, na súa parte máis afastada do colo, un galón en forma de cordón.
- Na galleta da gorra, unhas palmas, e na viseira da gorra dos coroneis, tenentes coroneis e comandantes, un cordón dourado.
- No canto superior do tecido que monta o gorro, un galón dourado, de dobre largura para os coroneis, tenentes coroneis e comandantes.
- Na guerreira dos uniformes de gala e diario, un fío dourado contornará a bocamanga.

c) Suboficiais:

- Na galleta da gorra, unhas palmas máis sinxelas que a da galleta de oficiais.

Norma 115.^a *Colocación das divisas.*

– Nos uniformes de grande etiqueta e etiqueta sobre presillas portadivisas, colocadas transversalmente na parte exterior de cada ombreira. As divisas de suboficial maior, subtenente e sarxento primeiro irán colocadas co ángulo cara á parte posterior; as de brigada, co pico da sardiñeta orientado cara ás costas. As divisas de cabo maior irán colocadas co ángulo cara á parte posterior. Os galóns de sarxento, cabo primeiro e cabo serán paralelos ao eixe que forman os ombros.

– Nos uniformes de gala e diario modalidade «A»:

– Nos empregos de oficial xeneral, coronel, tenente coronel e comandante, na bocamanga.

– Nos empregos de capitán, tenente, alférez, en todos os de suboficiais e tropa, bordadas por encima da bocamanga.

– Na modalidade «C» do uniforme de diario e no uniforme de traballo, todo o persoal do Exército do Aire portará as divisas en manguitos portadivisas de cor gris aviación. As divisas do emprego estarán en relevo, centradas sobre o manguito.

– Os alumnos que vistan guerreira pechada no colo nos uniformes de gala e diario, modalidade «A», levarán sobre a lapela da guerreira e separadas lixeiramente do lado externo do emblema da Academia Xeral do Aire, o número de pombas correspondentes ao curso. Nos outros uniformes seguirán as mesmas normas que o resto de persoal.

– No equipamento deportivo e nos uniformes especiais en que así se determine, a divisa irá no rectángulo de identificación portadivisas.

CAPÍTULO IV

Divisas dos corpos comúns das Forzas Armadas

Norma 116.^a *Divisas de emprego.*

Iguais ás do Exército de Terra, adaptando as divisas dos alumnos de formación ás especificidades dos seus plans de estudos.

Norma 117.^a *Divisas de categoría.*

a) Oficiais xenerais:

– Na viseira das gorras de prato, gorro feminino e nas bocamangas dos uniformes de grande etiqueta e etiqueta, e en cada unha das caídas da faixa vermella en número igual ao das estrelas da súa divisa de emprego, unha serreta de 10 milímetros de largo e 5 milímetros de alto e a 4 milímetros desta, torcida de 20 milímetros de largura de follas de loureiro, simétricas respecto do eixe da viseira, de cor dourada.

– Na galleta da gorra de prato e gorro feminino, follas de loureiro de cor dourada.

– No canto superior do tecido que monta o gorro feminino, un galón de dentes de serra dourado.

b) Oficiais e alumnos con categoría asimilada á de oficial:

– Na viseira das gorras de prato, gorros femininos e nas bocamangas dos uniformes de grande etiqueta e etiqueta, un galón labrado dourado. O de coronel, tenente coronel e comandante será de 12 milímetros de largura, e o do resto de oficiais, de 9 milímetros de largura.

– Na galleta das gorras de prato e gorros femininos, follas de carballo douradas.

– No canto superior do tecido que monta o gorro, un galón dourado de dobre largura para os coroneis, tenentes coroneis e comandantes.

c) Suboficiais e alumnos con categoría asimilada á de suboficial:

– Na viseira das gorras de prato, gorro feminino e nas bocamangas dos uniformes de grande etiqueta e etiqueta, dous cordonciños dourados de 3 milímetros de largura, intercalados 3 milímetros para o suboficial maior e subtenente, e un cordonciño dourado de 3 milímetros de largura para o resto dos suboficiais.

– Na galleta da gorra de prato e gorro feminino, follas de aciñeira.

Norma 118.^a *Colocación das divisas.*

– Nas ombreiras da guerreira verde musgo, da cazadora e no xersei.

– Nas pas portadivisas, cos uniformes que corresponda.

– Na manga ou bocamanga da guerreira azul.

TÍTULO XI

Distintivos

Norma 119.^a *Definición.*

Os distintivos son símbolos que, situados sobre o uniforme, serven para sinalar certas calidades ou circunstancias de relevancia que distinguen ou caracterizan a quen os porta.

Norma 120.^a *Clasificación.*

Con carácter xeral, e en función das circunstancias ou vicisitudes que acrediten a quen os porta, os distintivos clasifícanse nas seguintes categorías:

– Distintivo de nacionalidade. Indica a pertenza ás Forzas Armadas españolas.

– Distintivos de especialidade fundamental. Indican a facultade para o exercicio profesional nun determinado campo de actividade.

– Distintivos de especialidade complementaria e de aptitude. Indican unha determinada especialización ou unha aptitude no campo de actividade das especialidades fundamentais para desempeñar labores propios, preferentemente nos dous primeiros empregos de cada escala en áreas concretas e para atender, nos empregos superiores, algunhas necesidades cuxas actividades non corresponden especificamente a ningunha especialidade fundamental.

– Distintivos de destino. Indican a unidade, centro ou organismo en que se está desempeñando destino.

– Distintivos de título ou diploma. Os concedidos pola superación dos cursos que teñan recoñecido o seu uso.

– Distintivos de función. Indican o exercicio ou desempeño de determinados cargos ou funcións.

– Distintivos de permanencia. Xeralmente, concédense pola permanencia durante dous anos consecutivos ou tres descontinuos, nas unidades, centros ou organismos que teñan recoñecido o seu uso. En destinos de ensino onde se exerza labor de profesorado estes tempos serán de tres anos consecutivos ou catro descontinuos.

– Distintivos de mérito. Concédense para recoñecer a participación en determinadas operacións ou actos de servizo.

– Outros distintivos. Os que se determinen para indicar as calidades ou circunstancias que se considere oportuno resaltar.

Norma 121.^a *Distintivos de nova creación.*

Os distintivos aprobados con anterioridade á entrada en vigor desta orde manterán as súas propias normas de deseño.

O deseño de novos distintivos deberá responder a criterios de sinxeleza e claridade e permitir a fácil identificación do motivo representado, seguindo na súa configuración as normas propias da heráldica militar. Realizaranse con materiais e acabamentos de calidade acordes coa prestancia que debe ter o uniforme e que mellor se adapten aos seus diferentes tipos e modalidades.

Con carácter xeral, os distintivos de nova creación terán forma de escudo cuadrilongo español, realizado en metal, cunhas dimensións de 25 milímetros de largura por 30 milímetros de altura, ou gardando unha proporcionalidade de 6 de alto por 5 de largo. Ocasionalmente, cando o motivo o requira, tamén poderán adoptar a forma de círculo cun diámetro de 36 milímetros ou óvalo metálico de 39 milímetros de eixe maior e 28 milímetros de eixe menor.

Co fin de conservar as tradicións militares, os distintivos que sexa necesario modificar poderán seguir conservando as peculiaridades do seu deseño orixinal sen necesidade de adaptarse ás dimensións establecidas no parágrafo precedente.

Corresponde ao xefe de Estado Maior da Defensa, ao subsecretario de Defensa e aos xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, no ámbito das súas respectivas competencias, a creación, a modificación e a aprobación de distintivos conforme os seguintes criterios:

- Os distintivos deben reflectir calidades ou circunstancias de relevancia na vida profesional do militar.
- Adoptarase un criterio restritivo na creación de distintivos con motivo da ocupación de destinos ou da realización de cursos, por seren feitos habituais na traxectoria profesional do militar.
- Os distintivos que acrediten iguais circunstancias, calidades ou vicisitudes deberán ser únicos para todos os membros das Forzas Armadas. Os organismos competentes para a súa creación son o xefe de Estado Maior da Defensa ou o subsecretario de Defensa, segundo corresponda.
- O xefe de Estado Maior da Defensa, cando así o considere, aprobará os distintivos de mérito das operacións e misións en que participen as Forzas Armadas españolas.
- Poderanse crear distintivos de título ou diploma daqueles cursos que formen parte do ensino militar de perfeccionamento ou altos estudos militares que teñan unha carga lectiva igual ou superior a 25 créditos ECTS, ou o seu equivalente en horas.


Norma 122.^a *Criterios xerais no uso dos distintivos.*

O xefe de Estado Maior da Defensa, o subsecretario de Defensa e os xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, no ámbito das súas respectivas competencias, autorizarán o uso dos distintivos sobre o uniforme e determinarán os criterios de uso e colocación.

A utilización dos distintivos estará supeditada ás tradicións de cada un dos exércitos. Por criterios de uniformidade, aqueles distintivos específicos de cada exército cumprirán coa colocación e normas establecidas nesta orde.

Nos uniformes de grande etiqueta e etiqueta non se portarán distintivos, excepto os de función en que así se estableza.

Para colocar os distintivos sobre os uniformes tomarase como referencia a guerreira dun uniforme de diario con dous petos superiores. Preveranse as seguintes zonas de colocación:



Zonas do uniforme

– Zona A: rectángulo imaxinario situado na parte esquerda do peito, con base no bordo superior da carteira do peto. Será a zona de colocación de condecoracións e, sobre estas, os distintivos de permanencia das ensinanzas de formación e perfeccionamento e de altos estudos da defensa nacional, onde poderá colocarse un só, ou dous en caso de portar o da Casa do Rei.

– Zona B: rectángulo imaxinario situado na parte esquerda do peito, coincidente coa carteira do peto. Será a zona de colocación do rectángulo de identificación persoal.

– Zona C: rectángulo imaxinario situado na parte esquerda do peito, idéntico ao da zona «A» e oposto desde o bordo inferior da carteira. Será a zona de colocación das placas.

– Zona D: rectángulo imaxinario situado na parte dereita do peito, simétrico ao da zona «A». Será a zona de colocación dos distintivos de aptitude, título e diploma, así como daqueles que corresponda dos de función e destino, até un máximo de tres. Tamén será a zona de colocación do distintivo de profesorado.

– Zona E: rectángulo imaxinario situado na parte dereita do peito, simétrico ao da zona «B». Será a zona de colocación do distintivo de voo e doutros que se determinen.

– Zona F: rectángulo imaxinario situado na parte dereita do peito, simétrico ao da zona «C». Será a zona de colocación do resto de distintivos de permanencia non incluídos na zona «A», de mérito, de ex-combatente e outros distintivos que se determine. Só se poderá portar un deles.

– Zona G: rectángulo imaxinario situado na parte superior da manga esquerda. Será a zona de colocación do resto de distintivos de nacionalidade.

– Zona H: rectángulo imaxinario situado no terzo superior da manga esquerda. Será a zona de colocación do distintivo de ferido en combate.

– Zona I: rectángulo imaxinario situado na parte superior da manga dereita. Será a zona de colocación dos distintivos de destino que correspondan.

No suposto de estar en posesión dun distintivo de permanencia, dun distintivo de mérito e do distintivo de ex-combatente, o titular terá a potestade de elixir cal deles usa sobre o uniforme.

Norma 123.^a *Distintivo de nacionalidade.*

O distintivo de nacionalidade colocárase na zona «G», sobre a manga esquerda dos uniformes que proceda, e o lado superior da bandeira quedará a 30 milímetros do bordo superior. O rectángulo téxtil terá unhas dimensións de 56 x 26 milímetros, coas cores da bandeira nacional, sobre un soporte da cor do uniforme que sobresairá 2 milímetros do seu contorno.

O distintivo portarase sobre os uniformes de campaña e sobre os uniformes especiais en que así se determine. Tamén se portará sobre as modalidades «A» e «B» dos uniformes de especial relevancia e diario, así como sobre a modalidade «A» do uniforme de traballo do persoal militar destinado no estranxeiro e nos cuarteis xerais multinacionais situados en España.

Norma 124.^a *Distintivos de especialidade fundamental, especialidade complementaria, aptitude, título e diploma.*

Estes distintivos portaranse sobre o uniforme tras a publicación no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa» da resolución que acredita a obtención destas especialidades.

Os xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, e o subsecretario de Defensa para os corpos comúns das Forzas Armadas, no ámbito das súas competencias, regularán o uso e a colocación destes distintivos sobre o uniforme.

O persoal que obtivese un título ou diploma nun centro de ensino militar que non pertenza á estrutura do seu exército, sexa nacional ou estranxeiro, poderá portalo sobre o uniforme coa autorización previa do órgano responsable do ensino militar do seu exército de pertenza.

Poderase portar un máximo de tres distintivos de título, diploma ou aptitude, tanto nacionais como estranxeiros, sobre os uniformes de gala, especial relevancia e diario, que deberán ir aliñados lixeiramente por encima do bordo superior do peto dereito e por debaixo dos distintivos de especialidade. Cando polo seu deseño os distintivos non teñan cabida nunha soa liña, colocaranse en dúas, e o de maior lonxitude situarase na inferior. Será obrigatorio portar entre eles o distintivo do título ou diploma que corresponda ao destino que se veña ocupando. O porte do resto de distintivos, até completar o máximo permitido, será potestativo para o portador.

O persoal do corpo xurídico militar que obtivese o correspondente diploma nalgún dos cursos de especialidade establecidos terá dereito ao uso da carlanga, de 5,5 centímetros de longo por 1 centímetro de largo, bordada ou en metal dourado, sobre o colo da guerreira, anteposto ao emblema do citado corpo, nas uniformidades de grande etiqueta, etiqueta, gala, especial relevancia e diario.

Non se poderán portar sobre o uniforme os distintivos representativos de titulacións civís.

Norma 125.^a *Distintivos de destino.*

O distintivo de destino portarase sobre o uniforme durante o tempo de permanencia no destino.

O xefe de Estado Maior da Defensa, o subsecretario de Defensa e os xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, no ámbito das súas competencias, determinarán as unidades, os centros e os organismos que dispoñen de distintivo de destino e regularán o seu uso.

Norma 126.^a *Distintivos de función.*

O distintivo de función portarase sobre o uniforme durante o tempo que se desempeñe o destino que o teña recoñecido. Portarase no lugar que para cada un se indique.

Os distintivos de función clasifícanse nas seguintes categorías:

– Distintivo de axudante de campo. Dáse en dúas modalidades, de diario e de gala. O de diario consta dun cordón dourado que no seu percorrido forma dous ramais, coas caídas rematadas por cravos metálicos. O de gala consta de seis ramais, dous deles trenzados. No centro de cada unha das caídas sinálase a autoridade de quen se é axudante:

- Axudantes de S. M. o rei: un nó de cordón de tres voltas.
- Axudantes de S. A.R. a princesa de Asturias: un nó de cordón de dúas voltas.
- Axudantes do ministro de Defensa: con cinco torcidas. As torcidas lábranse en esferas brillantes.
- Axudantes dos oficiais xenerais: con catro, tres, dúas ou unha torcida, en correspondencia ao emprego do oficial xeneral. As torcidas lábranse en esferas douradas brillantes.

Os cravos dos extremos son de tres corpos; o superior e o inferior decorados con coroas de loureiro e o central con emblemas do seu exército.

Os cordóns de gala utilízanse nos uniformes de grande etiqueta, etiqueta e gala. Os cordóns de diario utilízanse nos uniformes de especial relevancia, diario e traballo.

– Distintivo de agregado. En forma de cordóns, son similares aos dos axudantes pero sen os pasadores indicativos da categoría do oficial xeneral. Levaranse no lado dereito do uniforme. Usaranse os cordóns de gala para os uniformes de grande etiqueta, etiqueta e gala, e os cordóns de diario nos uniformes de especial relevancia, diario e traballo.

– Distintivo de profesorado. O distintivo de función do profesorado, tanto no seu requirimento e condicións para a súa concesión como no seu emprego sobre o uniforme, será obxecto dunha regulación específica.

Portarase nos uniformes de gala, especial relevancia, diario e traballo, centrado na parte superior dereita da guerreira ou camisa, lixeiramente por debaixo da ombreira.

– Distintivos de grao de formación. En forma de cordóns colocados no lado dereito do peito e suxeitos mediante senllos ollais ao botón da guerreira ou peza de roupa equivalente que corresponda e á ombreira dereita.

Os cordóns de gala serán de 5 milímetros de grosor e no seu percorrido formarán dous ramais trenzados continuos, cun entrelazado unindo ambos os ramais, e dúas caídas cun nó no centro do cordón, rematadas nun cravo metálico con coroa real calada e forrado de ouro. Van suxeitos á ombreira dereita; o ramal trenzado máis curto e os dous lisos paralelos a el caen por diante, e o ramal longo trenzado cae cara atrás, pasa baixo o brazo dereito e chega até o dianteiro, onde se une ao anterior, e colgan por un cordello do primeiro botón da guerreira ou equivalente. Os cordóns serán de cor ouro, ouro e prata, ou prata, segundo o grao de formación. Utilízanse nos uniformes de grande etiqueta, etiqueta e gala.

Os cordóns de diario son de 3,5 milímetros de grosor e forman no seu percorrido dous ramais trenzados con dúas caídas, en cuxos centros se forma un nó de tres voltas, rematadas por cravos metálicos. Irán suxeitos á ombreira dereita, con ambos os ramais por diante. Os cordóns serán de cor vermella, vermella e branca, azul escura ou branca, segundo o grao de formación. Utilízanse nos uniformes de especial relevancia, diario e traballo. Os xefes de Estado Maior dos exércitos regularán o seu uso.

– Distintivos de axente da autoridade. Acreditan o portador como axente da autoridade. Será de uso exclusivo para o persoal que exerza funcións de policía militar, naval ou aérea.

As dimensións do soporte serán de 30 x 10 milímetros e levaranse sobre a parte superior do peto esquerdo do uniforme exclusivamente no exercicio das súas funcións.

O uso deste distintivo adecuarase ao establecido na Orde DEF/316/2015, do 23 de febreiro, pola que se aproban os medios de identificación que sobre o uniforme deben portar os membros das Forzas Armadas que teñan carácter de axente da autoridade no exercicio das súas funcións.

Norma 127.^a *Distintivos de permanencia.*

Os distintivos de permanencia portaranse sobre o uniforme do persoal que estea ou estivese destinado na unidade durante dous anos consecutivos ou tres discontinuos. Como paso previo requirirase a certificación do xefe da unidade orgánica que dá nome ao distintivo e a autorización do mando ou xefatura de persoal do propio exército de pertenza.

O uso do distintivo de permanencia de profesorado, tanto no seu requirimento e condicións para a súa concesión como no seu emprego sobre o uniforme, de acordo coas normas precedentes, será obxecto dunha regulación específica.

Portarase un só distintivo de permanencia, ou dous no caso de ter concedido o distintivo de permanencia na Casa Real, sobre os uniformes de gala, especial relevancia e diario. En caso de estar en posesión de varios distintivos de permanencia, a elección do que desexe utilizarse sobre o uniforme será potestativa do titular.

Norma 128.^a *Distintivos de mérito.*

O xefe de Estado Maior da Defensa poderá autorizar o uso do distintivo de mérito daquelas operacións en que participen as Forzas Armadas españolas, por proposta dos xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire ou do subsecretario de Defensa.

A autorización de uso dun distintivo de mérito non comprendido nas operacións anteriormente mencionadas corresponderá a aquelas autoridades baixo cuxo mando se desenvolva ou desenvolvese a operación, campaña ou acto de servizo, no caso de que para estas se preveña a creación dun distintivo.

Portarase un só distintivo de mérito na zona «F» dos uniformes de gala, especial relevancia e diario. En caso de estar en posesión de varios, será potestativa do titular a elección daquel que desexe utilizar sobre o uniforme.

Norma 129.^a *Distintivo de ex-combatente das Forzas Armadas españolas.*

O distintivo de ex-combatente das Forzas Armadas españolas ten por finalidade recoñecer o servizo dos militares nas campañas en que participaron como membro integrante daquelas. Este distintivo será único e portarase sobre a zona «F».

O xefe de Estado Maior da Defensa definirá o deseño do distintivo de ex-combatente das Forzas Armadas españolas e regulará os criterios para a súa concesión e uso. As campañas que dan dereito ao uso do distintivo de ex-combatente das Forzas Armadas españolas serán aprobadas polo xefe de Estado Maior da Defensa e publicadas no «Boletín Oficial de la Defensa».

Norma 130.^a *Distintivo de ferido en combate.*

O distintivo de ferido en combate consiste nun ángulo recto de galón dourado, co vértice cara arriba, por cada vez que foi ferido no transcurso dun conflito armado ou dunha operación militar que implique o uso da forza armada e cuxos resultados requirisen hospitalización.

Irá colocado na zona «H» da guerreira ou equivalente, nas modalidades «A» e «B» dos uniformes de gala, especial relevancia e diario. O vértice do ángulo superior estará a 150 milímetros da costura do ombro. O galón será de 5 milímetros de largura e cada lado será de 35 milímetros de lonxitude desde o vértice. A separación entre galóns será de 3 milímetros.

Cada ferida sufrida dá dereito ao uso dun galón. Para tal efecto, consideraranse como unha soa ferida as diversas que se puidesen orixinar asemade nun mesmo combate ou feito de armas polo estalido fragmentario de proxectil inimigo, salvo no caso de que estas se sufrisen no mesmo feito dunha maneira sucesiva e independentemente unhas das outras, caso en que se considerarán como feridas distintas.

Para acreditar o dereito ao uso do distintivo de ferido en combate, requirirase a expedición dun certificado por parte do xefe de batallón, buque ou unidade similar en que se especificarán as circunstancias do feito de armas que o motiva, consonte o que nesta disposición se ordena. O certificado levará o visto e praxe, a sinatura e o selo do superior xerárquico e deberá ser publicado no «Boletín Oficial de la Defensa» polo xefe de Estado Maior da Defensa.